



**ADAPTACIÓN DE MATERIAS
AO CRÉDITO EUROPEO**

**TITULACIÓN
DE EDUCACIÓN INFANTIL**
GRUPO DE DIDÁCTICAS ESPECIAIS E ADXUNTOS

PROXECTO ACSUG



ACSUG

**ADAPTACIÓN DE MATERIAS
AO CRÉDITO EUROPEO**

**TITULACIÓN
DE EDUCACIÓN INFANTIL**

GRUPO DE DIDÁCTICAS ESPECIAIS E ADXUNTOS

PROXECTO ACSUC



PARTICIPANTES:

Carmen Franco Vázquez (USC)

Herminia García Ruso (USC)

Blanca-Ana Roig Rechou (USC)

Cristina Conde Pintos (UDC)

Javier García Núñez (UVIGO)

TITULACIÓN: Mestre de Educación Infantil

Materias:

Desenvolvemento da Expresión Plástica e a súa Didáctica (3º curso, troncal, USC)

Desenvolvemento Psicomotor (2º curso troncal, USC)

Lingua e Literatura Galega (1º curso, troncal, USC)

Introdución ao Coñecemento Matemático (1º curso, obrigatoria, UDC)

Desenvolvemento Psicomotor (1º curso, troncal, UVIGO)

PERSONAL TÉCNICO DA ACSUG:

Julio Ernesto Abalde Alonso

Director da ACSUG

María Dolores Castro Pais

Técnico en EEES

Ana Isabel López Lorenzo

Técnico en EEES

REVISIÓN LINGÜÍSTICA:

Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña



A ACSUG dispón dun sistema de xestión de calidade certificado de acordo á norma ISO-9001:2000, incluíndo, entre outras actividades, a avaliación de titulacións, programas servizos do SUG.

DESEÑO, MAQUETACIÓN E PRODUCCIÓN:

A Referencia S.L.

ISBN:

978-84-611-8200-8

Depósito Legal:

C-2651-2007

Índice

Introdución	5
1. Resultados e avaliación da experiencia de implantación do EEES, Lois Ferradás. . . .	9
2. Desenvolvemento da experiencia. Cursos académicos 2004-2005 e 2005-2006 . . .	17
2.1. Guías docentes	17
2.1.1. Guía docente da materia desenvolvemento da expresión plástica e a súa didáctica, Carmen Franco Vázquez	19
2.1.2. Guía docente da materia desenvolvemento psicomotor, Herminia M ^a García Ruso	27
2.1.3. Guía docente da materia lingua e literatura galega, Blanca-Ana Roig Rechou	57
2.1.4. Guía docente da materia introdución ao coñecemento matemático, Cristina Conde Pintos	67
2.1.5. Guía docente da materia desenvolvemento psicomotor, Javier García Núñez	71
3. Avaliación global do proceso de experimentación (resultado crítico das experiencias)	91
3.1. Perspectiva dos profesores implicados (a experiencia a nivel de materia) . . .	91
3.1.1. Aspecto de organización dos centros.	91
3.1.2. Cuestións docentes e académicas	92
3.1.3. Valoracións sobre a experimentación.	93
3.2. Perspectiva do alumnado e reflexións finais.	94

Introdución

Nos cursos 2004-2005 e 2005-2006, a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) realizou unha proposta aos centros implicados na impartición das titulacións de Mestres de Educación Infantil para a realización de guías docentes das materias troncais e obrigatorias para adaptalas ao Espacio Europeo de Educación Superior (EEES).

A Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela acolleu as primeiras reunións, coordinadas polo presidente da ASUG e Lois Ferradás, nas que se reflexionou primeiramente sobre cómo realizar as guías docentes adaptadas aos créditos ECTS. Nesta fase do traballo participaron un grupo de profesores responsabeis das materias troncais e obrigatorias da titulación, e realizáronse varias guías docentes, como se expón no primeiro apartado deste volume.

Posteriormente a ACSUG convocou ao profesorado implicado nas súas dependencias, para rematar o traballo cunha experiencia piloto da posta en práctica das guías en relación aos requerimentos do EEES, e a súa publicación. Como resultado, preséntase este primeiro volume que acolle a exposición da experiencia dende as Facultades de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela, da Universidade de Coruña e a Universidade de Vigo, as guías docentes das profesoras, Carmen Franco Vázquez, Herminia García Ruso e Blanca Ana Roig Rechou da USC, da profesora Cristina Conde Pintos da UDC e do profesor Javier García Núñez da UVigo, e a avaliación realizada por este grupo docente.

**Avaliación da experiencia piloto de adaptación de materias
ao crédito europeo na Facultade de Ciencias da Educación
(2004-05, 2005-06)**





1. Resultados e evaluación

1. Resultados e avaliación da experiencia de implantación do EEES, Lois Ferradás.

Mestre de educación infantil
Facultade de ciencias da educación da USC

Deseño do proxecto de adaptación Selección inicial de materias piloto

Este proceso iníciase coa invitación a todo o profesorado que imparte materias troncais ou obrigatorias na titulación de Mestre-Educación Infantil. A proposta que fai a ACSUG é aberta a diferentes forma de concreción. Así, dentro das materias que conforman o plano de estudos desta titulación maniféstase a preferencia por materias de 1º curso e compartidas nas tres universidades do sistema galego. Xa desde o principio aparecen as dificultades para un traballo coordinado. O alcance da experiencia vese seriamente limitado pola non participación de gran parte do profesorado, o que, xunto coas diferenzas entre os planos de estudos de cada centro, nos levou a que case non exista coincidencia entre as materias impartidas polo profesorado participante. Con todo, as diferentes sesións de traballo nas que participamos o profesorado dos diferentes centros contribuíron á realización de ricos e cordiais intercambios que reforzaron os vínculos existentes.

Esta circunstancia contribuíu a que ata o de agora, polo menos na facultade de Ciencias da Educación da USC, o máis rico e estimulante deste proceso acontecera nas reunións e experimentación no interior do propio centro.

O primeiro que compre destacar é o elevado número de profesores e profesoras que participaron regularmente nas reunións para a elaboración das guías didácticas das distintas materias, que foron os que a continuación se relacionan.

1º curso	2º curso	3º curso
Psicología da Educación e do Desenvolvemento na Idade Escolar (Troncal) Socioloxía da Educación (Troncal) Teorías e Institucións Contemporáneas de Educación (Troncal) Desenvolvemento das Habilidades Lingüísticas e a súa Didáctica I (Troncal) Antropoloxía da Educación (Obrigatoria) Lingua e Literatura Galega (Obrigatoria)	Bases Psicopedagóxicas da Educación Especial (Troncal) Novas Tecnoloxías Aplicadas á Educación (Troncal) Organización do Centro Escolar (Troncal) Desenvolvemento Psicomotor (Troncal) Didáctica da Educación Infantil (Obrigatoria)	Desenvolvemento da Expresión Musical e a súa Didáctica (Troncal) Coñecemento do Medio Social e Cultural e a súa Didáctica (Troncal) Desenvolvemento do Pensamento Matemático e a súa Didáctica (Troncal) Desenvolvemento da Expresión Plástica e a súa Didáctica (Troncal) Coñecemento do Medio Natural e a súa Didáctica (Troncal)

Ata o momento termináronse de redactar as guías das seguintes materias:

- Psicología da Educación e do Desenvolvemento na Idade Escolar.
- Socioloxía da Educación.
- Desenvolvemento das Habilidades Lingüísticas e a súa Didáctica I.
- Antropoloxía da Educación.

1. Resultados e avaliación

Avaliación da experiencia piloto de adaptación de materias ao crédito europeo na Facultade de Ciencias da Educación (2004-05, 2005-06)

- Bases Psicopedagógicas da Educación Especial.
- Novas Tecnoloxías Aplicadas á Educación.
- Organización do Centro Escolar.
- Desenvolvemento Psicomotor.
- Didáctica da Educación Infantil.
- Desenvolvemento da Expresión Musical e a súa Didáctica.
- Desenvolvemento da Expresión Plástica e a súa Didáctica.
- Lingua e Literatura Galega

Antes de adentrarnos na elaboración das guías docentes dedicamos algún tempo en discutir cuestións que consideramos importantes na construción do Espazo Europeo de Educación Superior, tales como:

- ¿Que significa docencia centrada no estudante?
- ¿Que significa aprendizaxe de competencias?
- ¿Que significa aprendizaxe autónoma, e papel do profesorado na mesma?
- ¿Que significa carga docente en créditos ECTS?

Formación orientada ao desenvolvemento de competencias

No complexo tema da formación de mestres orientada ao desenvolvemento de competencias fomos conscientes de que con esta denominación podemos referirnos a capacidades con diferente grao de xeneralidade ou concreción, de contido máis básico ou aplicado. Pareceunos conveniente adoptar unha concepción aberta e pluridimensional. Así, seguindo o coñecido informe Delors La educación encierra un tesoro, consideramos que as persoas educadas para as esixencias do século XXI deberán: coñecer, saber facer, saber vivir xunto a outras, en síntese, saber ser. Aplicando isto ás competencias de calquera profesor, poderíamos dicir que a súa competencia de acción profesional debería consistir en:

1. Competencia técnica (Saber),
2. Competencia metodolóxica (Saber facer),
3. Competencia participativa (Saber estar), e
4. Competencia persoal (Saber ser).

No conxunto da documentación encontrada e utilizada podemos sinalar tres grupos de materiais:

1. Documentación do proxecto Tuning
2. Documentación académica varia sobre competencias
3. Libro Blanco do título de Mestre-Educación Infantil (ANECA)

Documentación do proxecto Tuning

Aínda que no proxecto Tuning non figuran os estudos de Mestre, resultounos útil o estudo tanto das competencias tanto das xenéricas, necesarias en todo titulado superior, como das que propón para os titulados en educación. Este estudo colocounos en situación de considerar como desde cada unha das materias que impartimos podemos contribuír a que os estudantes desenvolvan estas competencias.

Documentación académica varia sobre competencias

Entre a documentación utilizada que trata sobre as competencias do profesorado, podemos mencionar:

Dez novas competencias para ensinar (Perrenoud)

Pareceunos moi interesante o referencial do Servizo de Perfeccionamento do Profesorado de Xenebra presentado por Ph. Perrenoud. Trátase de 50 competencias específicas, ordenadas en 10 campos ou competencias de referencia. Relacionamos a continuación estas grandes competencias, para que se poida valorar a súa maior ou menor coincidencia coas que aparecen no Libro Branco das titulacións de Mestre e as que acaben figurando nas novas directrices xerais propias destes títulos, agora chamadas “Fichas técnicas”. Estas son as dez competencias para ensinar, segundo este referencial:

1. Organizar e animar situacións de aprendizaxe.
2. Xestionar a progresión das aprendizaxes.
3. Elaborar e facer evolucionar dispositivos de diferenciación.
4. Implicar aos alumnos na súa aprendizaxe e no seu traballo.
5. Traballar en equipo.
6. Participar na xestión da escola.
7. Informar e implicar aos pais.
8. Utilizar as novas tecnoloxías.
9. Afrontar os deberes e os dilemas éticos da profesión.
10. Organizar a propia formación continua.

Perfil xeral do desempeño profesional do educador de infancia e dos profesores dos ensinos básico e secundario (Portugal)

Tamén nos pareceu interesante o estudo deste perfil xeral, no que se establece o marco xeral das competencias dos profesionais destes niveis de ensino, que se organiza nos seguintes apartados:

1. Dimensión profesional, social e ética.
2. Dimensión de desenvolvemento do ensino e da aprendizaxe.
3. Dimensión de participación na escola e de relación coa comunidade.
4. Dimensión de desenvolvemento profesional ao longo da vida.

Libro Branco do título de Mestre-Educación Infantil (ANECA)

Dunha forma especial tivemos en conta as listas de competencias do Mestre de Educación Infantil que xa circulaban como parte do borrador do “Libro Branco” que estaba sendo elaborado pola Rede de Maxisterio (ANECA). Pareceunos que o debiamos adoptar como punto de partida polas súas características e porque se estaba a constituír en referente común amplamente aceptado. Con todo, insistimos expresamente en que non renunciabamos a facer o que, a xuízo de cada quen, se puidesen considerar propostas de mellora na redacción de algunha destas competencias, xa que se consideraba que isto era necesario, especialmente na relación específica de Mestres de Educación Infantil.

1. Resultados e avaliación

Elaboración de guías docentes

A maior parte do esforzo dedicámolo á elaboración das Guías docentes das materias, seguindo preferentemente a Guía de guías da que é autor o Prof. M. Zabalza, xunto con outras achegas, por exemplo algúns esquemas difundidos para poñer en práctica o deseño de guías dentro da aplicación do proxecto Tunning.

Como xa se indicou anteriormente, a comezos do curso 2005-2006 están redactadas 12 Guías Docentes de outras tantas materias, que se imparten na súa maioría en 1º e 2º ano da Diplomatura.

A forma e grao de posta en práctica é moi variado. Cada profesor ou profesora explicará a súa experiencia na redacción e implementación destas guías. En todo este proceso predominou a orientación e o compromiso persoal de cada docente, pois especialmente na posta en práctica o centro como tal non puxo en marcha ningunha medida de coordinación.

Valoración do proceso seguido ata o momento

As actividades realizadas ata o momento no ámbito interno da nosa facultade cremos que están contribuíndo a cambiar o enfoque das materias ao reflexionarmos en grupo sobre todos os aspectos que se reflicten nas guías, especialmente en tres aspectos:

- Privilexiando a perspectiva da aprendizaxe do alumno.
- Facendo visible e previsible a metodoloxía, incluíndo a avaliación
- Ofrecendo unha visión máis integral tanto das contribucións particulares ao conxunto da formación do alumnado, como facernos conscientes da carga de esforzo esixido ao alumnado.

Pero somos xa moi conscientes das limitacións do que estamos facendo, que poden provocar frustracións persoais e bloquear a posibilidade de realizar cambios de alcance máis xeral e de maior profundidade. Destas limitacións ou circunstancias desfavorables podemos destacar:

- Estamos a traballar no deseño e innovación de materias dun plano de estudos chamado a desaparecer a curto prazo, o que levará nalgúns casos a que certas materias desaparezan ou cambien moito de peso ou orientación no próximo plano de estudos. Esta data de caducidade non anima moito a comprometerse.
- Esta outra observación tamén é de índole estrutural. Estamos a seguir este proceso piloto en paralelo, mentres todo segue igual: o tamaño dos grupos, os horarios, o tamaño e número de aulas, ... as normas de xestión académica e de avaliación do alumnado, ... Ás veces parece que todo está establecido á contra.
- Tamén parece que sería necesario establecer mecanismos que fixesen atractiva esta innovación e, como consecuencia, axudasen a remover as resistencias que se fan fortes pola rutina e polo medo aos cambios, tanto no profesorado como no alumnado.

Santiago, 8 de maio de 2006

Lois Ferradás

**Avaliación da experiencia piloto de adaptación de materias
ao crédito europeo na Facultade de Ciencias da Educación
(2004-05, 2005-06)**





2. Desenvolvimento da experiencia

2. Desenvolvemento da experiencia. Cursos académicos 2004-2005 e 2005-2006

2.1. Guías Docentes

2.1.1 GUÍA DOCENTE DA MATERIA DESENVOLVEMENTO DA EXPRESIÓN PLÁSTICA E A SÚA DIDÁCTICA

PROFESORA: *Carmen Franco Vázquez*

DESENVOLVEMENTO DA EXPRESIÓN PLÁSTICA E A SÚA DIDÁCTICA

I. Datos descritivos da materia:

Código: 561304

Carácter: troncal

Nivel: primeiro ciclo

Curso: 3º curso

Carga docente: 3 créditos teóricos e 6 créditos prácticos de laboratorio

Duración: anual

Profesora: Carmen Franco Vázquez

Departamento: Didáctica da Expresión Musical, Plástica e Corporal (núm. 58)

Lingua: castelán e galego

Descritores segundo BOE:

A linguaxe visual na educación infantil. Valores educativos e elementos da expresión plástica. A globalización na expresión plástica. Recursos didácticos e materiais na expresión plástica.

II. Sentido da materia no perfil:

A materia Desenvolvemento da Expresión Plástica e a súa Didáctica sitúase en terceiro curso. Está englobada dentro das didácticas específicas. Trátase da única materia de carácter troncal que ofrece coñecementos da área de expresión plástica e que posibilita o futuro mestre para organizar e para deseñar as actividades relacionadas co mundo da arte.

O alumno chega ao 3º curso cunha visión global do que significa ser un mestre de Educación Infantil, despois de ter cursado distintas materias de carácter xeral como Psicoloxía da Educación e do Desenvolvemento na Idade Escolar, Didáctica Xeral, Teorías e Institucións Contemporáneas da Educación en 1º curso, e Psicoloxía do Desenvolvemento e da Educación Infantil e Didáctica da Idade Infantil en 2º curso.

Dentro das materias de didácticas específicas, esta materia ten unha gran conexión co Desenvolvemento Psicomotor, Desenvolvemento da Expresión Musical e a súa Didáctica, Desenvolvemento do Pensamento Matemático e a súa Didáctica e Coñecemento do Medio Natural.

O alumnado ten, tamén, a posibilidade de cursar dúas optativas que están directamente vinculadas á materia: **Obradoiro de Cor** e **Educación da Visión Artística**, que se ofertan para as especialidades de Infantil e Primaria, no primeiro curso.

2. Desenvolvemento da experiencia

Avaliación da experiencia piloto de adaptación de materias ao crédito europeo na Facultade de Ciencias da Educación (2004-05, 2005-06)

III. Obxectivos da materia:

Preténdese:

- proporcionar ao alumnado os coñecementos teóricos e prácticos da expresión plástica desde un punto de vista práctico-reflexivo
- ofrecer ao alumnado unha visión interdisciplinaria da educación artística e contemplar de modo específico as actividades que desenvolvan actitudes de tipo crítico, perceptivo, de creación persoal e conectadas coa Hª da Arte
- estudar os elementos propios da linguaxe visual e plástica (punto, liña, plano, cor, textura, volume, etc.) que son necesarios para que no seu futuro labor de docentes saiban enfocar o desenvolvemento da materia
- coñecer as diferentes técnicas artísticas, os materiais e os métodos máis axeitados para a Educación Infantil

Competencias:

Axuda a desenvolver a capacidade de análise e de síntese

Contribúe a facilitar o traballo en equipo

Desenvolve as capacidades críticas

Axuda a xestionar a toma de decisións ante novas propostas

Contribúe o desenvolvemento da psicomotricidade

IV. Contidos da materia

CONTIDOS XERAIS:

- A educación plástica na escola infantil. O seu valor educativo e as directrices máis relevantes no seu ensino e na súa aprendizaxe:
 - formulacións xerais para a elaboración dun currículo de educación plástica
 - desenvolvemento da expresión gráfica infantil
- Planificación de propostas artísticas:
 - o equilibrio entre as distintas técnicas
 - o traballo en dúas dimensións / o traballo en tres dimensións
 - a globalización na expresión plástica infantil
- A educación plástica dentro da aula: equipamento, organización de espazos, almacenamento...
- A educación plástica fóra da aula: a exposición de obras, os museos e as exposicións, o contorno como fonte de inspiración...

- Organización da aula:
 - aula-obradoiro
 - distribución espacial
 - organización do material
 - traballo en grupo

ESTUDO DOS ELEMENTOS DA LINGUAXE VISUAL E PLÁSTICA A TRAVÉS DAS DIFERENTES TÉCNICAS E MATERIAIS:

DEBUXO

- Xices, rotuladores e lapis. Como e cando empregalos?
- Exercicios de grafismos, de liñas continuas, con regras de xogo
- Debuxo de observación. O coñecemento das cousas e a nosa percepción

PINTURA

- Descubrimento de técnicas: pola súa forma, polo soporte empregado, polos modificantes empregados etc.
- Pintura comprada e pintura fabricada. Ingredientes de toda pintura
- Transformación de pinturas: diversas texturas, diferentes cheiros etc.
- Témperas. Coñecemento e composición do material. Niveis de experimentación. A pintura como vehículo dos sentimentos
- As ceras. O seu coñecemento e a súa composición. Posibilidades de experimentación
- Xogos con luz e con cor. Laca de lámpadas

PAPEIS E TEAS

As distintas clases de papel:

- a súa utilización
- como almacenalos?
- os pegamentos e as colas máis axeitadas
- explorando xestos

Obradoiro de tapicería. Como organizalo

GRAVADO E IMPRESIÓN

Diferentes técnicas e a súa utilización:

- monotipos, impresión con vexetais, con distintos utensilios, con roletes etc.

MODELADO

Os distintos materiais e a súa utilización:

- arxila
- masas
- pasta de papel

Como fabricalos? Como conservalos?

Materiais axeitados para os máis pequenos

CONSTRUCCIÓN

Xogos de construción

Reciclaixe de materiais:

- fontes de adquisición
- maneiras de empregar o material
- aspectos que se desenvolven coa construción

V. Indicacións metodolóxicas

O desenvolvemento da materia será o seguinte:

Tratarase con dúas ou tres sesións iniciais de achegamento á materia, mediante un sistema baseado en preguntas para que afloren as distintas concepcións, prexuízos ou preconceitos que o alumnado ten sobre os contidos e o desenvolvemento da materia. Debaterase sobre estas cuestións sobre a base das explicacións por parte do profesor e das propias reflexións dos alumnos despois de ter lido distintos textos da bibliografía.

Nesta primeira parte trataranse, sobre todo, aspectos relacionados coa parte dos contidos xerais.

A segunda parte dos contidos levarase a cabo baixo o seguinte patrón:

- Presentación da actividade, materiais necesarios, traballo individual (ou colectivo) na aula e reflexión sobre a práctica (durante e despois da actividade).
- As actividades terán unha duración aproximada de dúas semanas, durante as cales o proceso de traballo, o descubrimento das posibilidades dos distintos materiais empregados, a reflexión sobre o proceso de creación, a procura de información visual, etc. estarán presentes no traballo do alumnado.
- Todas as actividades que se propoñen na aula son susceptibles de seren levadas á aula de infantil, adecuando algúns materiais, establecendo diferenzas nos acabados e atendendo o momento do desenvolvemento do neno. Deste modo, a presentación e a disposición do material, o reparto de tarefas e a actividade en grupo na aula de infantil traballaranse de xeito implícito.

- Algunhas actividades termínanse na aula, mais outras requiren dun traballo persoal do alumno que complete o resultado.
- O traballo de aula está en permanente revisión, quer nas sesións prácticas da aula quer no horario de titorías.

DOSSIER DE TÉCNICAS:

Cos materiais que se vaian xerando como resultado do traballo continuado na aula, o alumnado deberá ir configurando un dossier de técnicas.

Cada actividade acompañarase das reflexións realizadas durante o proceso de creación e das anotacións relacionadas coas distintas técnicas que se utilicen (incluso as tridimensionais).

Aqueles traballos que polas súas características especiais non se puidesen presentar no dossier (esculturas, traballos colectivos na aula, obxectos tridimensionais etc.) valoraranse separadamente.

PROXECTO DE EDUCACIÓN ARTÍSTICA:

Os alumnos organizados en grupos deseñarán un proxecto para levar á aula de infantil. Nel deberán relacionar algún elemento da linguaxe visual e plástica cos distintos materiais (que xa fosen traballados na aula) e polos en conexión co traballo dun artista. Para iso realizarán unha procura de información en materiais bibliográficos, catálogos de exposicións, museos e exposicións, internet etc.

A exposición en clase dos distintos traballos abre un abano de posibilidades plásticas e artísticas a todo o alumnado. Os traballos de todos os grupos recolleranse nun dossier que estará a disposición de todos. Aqueles traballos que se faciliten en soporte dixital tamén se poderán colgar na rede da USC virtual. Este deseño non se leva directamente á práctica mais proporciónalles un dossier de actividades relacionadas co mundo da arte para o período de prácticas escolares.

TRABALLOS EN REDE:

Durante o segundo cuatrimestre estarán a disposición dos alumnos algúns textos e materiais na rede. O alumnado poderá acceder a estes textos a través da USC Virtual e deberá realizar un comentario interpretativo deles, para os relacionar coas actividades realizadas na aula e coas observacións que, durante o período de prácticas escolares, realizou na aula de infantil, así como coa experiencia persoal de cada un.

Atribución de créditos ECTS

Actividades	Horas presenciais	Factor	Horas traballo autónomo	Total
Clases teórico/prácticas	85	1,5	127,5	212,5
Traballos (individuais ou en grupo)	5	6	30	35
Total	90		157,5	247,5

2. Desenvolvemento da experiencia

VI. Indicacións sobre a avaliación

Avaliación continua dos traballos realizados na clase, mediante entregas periódicas.

Para superar a materia será necesario alcanzar un nivel mínimo en cada traballo.

A cualificación final será o resultado das cualificacións acadadas no dossier de técnicas, nos traballos de tres dimensións, no proxecto e nas actividades do campus virtual, segundo a porcentaxe que se inclúe na táboa. Tamén se valorará a participación activa na clase e nas actividades colectivas.

DATA LÍMITE de entrega de traballos: o día e a hora fixados no calendario oficial de exames.

Actividades	Cráterios	Instrumentos	Porcentaxe
Elaboración dun dossier de técnicas e de traballos en 3D	Valorarase: - a adecuación aos obxectivos que se propuxeron - a experimentación - os comentarios e as reflexións sobre as actividades - a presentación e o deseño do dossier	Dossier Traballos	70%
Proxecto de educación artística	Valorarase: - a adecuación do proxecto ao nivel de infantil - a orixinalidade das actividades e dos recursos propostos	Proxecto (en grupo ou individual)	15%
Traballos en rede	Valorarase no comentario sobre os textos: - a capacidade de reflexión e de análise - as referencias á bibliografía consultada - a comprensión das ideas principais - a conexión coa súa experiencia persoal en educación artística	Traballo na USC-Virtual	10%
Asistencia	Participación en clase A asistencia ás actividades colectivas	Observacións da profesora. Enquisas de participación	5%

Bibliografía

- BOCH, E. e outros, *Hacer plástica. Un proceso de diálogos y situaciones*, Octaedro, Barcelona, 2002.
- CHERRY, C., *El arte en el niño de edad preescolar*, CEAC, Barcelona, 1988.
- EISNER, E., *Educar la visión artística*, Paidós, Barcelona, 1995.

- HARGREAVES, D. J., *Infancia y educación artística*, Morata, Madrid, 1991.
- IMBERNON, F. e ZABALA, A., *Técnicas de impresión en la escuela*, Nuestra Cultura, Madrid, 1982.
- LANCASTER, J., *Las artes en la educación primaria*, Morata, Madrid, 1991.
- LAZOTTI, L., *Educación plástica y visual*, MEC/Mare Nostrum, Madrid, 1994.
- MATTHEWS, J., *El arte de la infancia y la adolescencia*, Paidós, Barcelona, 2002.
- NUN DE NEGRO, B., *La educación estética del niño pequeño*, Ed. Magisterio, Buenos Aires, 1995.
- SAUSSOIS, N., *Actividades en talleres para guarderías y preescolar*, Cincel, Madrid, 1988.
- SMITH, N. R., *Experience & Art Teaching Children to paint*, Teaching College, Columbia University, N. York, 1993.
- SOUZA, B. B. de, *La estampa en la enseñanza primaria: metodología para la educación plástica*, Aljibe, Archidona, 2004.
- WILSON, B. e outros, *La enseñanza del dibujo a partir del arte*, Paidós, Barcelona, 2004.

2. Desenvolvemento da experiencia

Avaliación da experiencia piloto de adaptación de materias ao crédito europeo na Facultade de Ciencias da Educación (2004-05, 2005-06)

2.1.2 GUÍA DOCENTE DA MATERIA DESENVOLVEMENTO PSICOMOTOR

PROFESORA: *Herminia M^a García Ruso*

1. ORGANIZACIÓN XERAL DA DISCIPLINA

1.1. Datos da disciplina

- **Titulación a que pertence:** Mestre especialidade en Educación Infantil.
- **Departamento:** Didáctica da Expresión Musical, Plástica e Corporal.
- **Profesora:** Herminia García Ruso
- **Curso académico:** 2005-2006

Código	Tipo	Nivel	Curso	Duración	Grupo	Idioma
561206	troncal	1º ciclo	2º	anual	1 T - 2 P	español

- **Créditos:** 9/8 créditos ECTS

Horas				
Presenciais	Traballo individual	Traballos en grupo	Titorías concertadas	Totais
59	94	83	1 hora 30 minutos	237 horas 30 minutos

1.2. Descritores

Actividades psicomotoras. Dominio do esquema corporal. Métodos e actividades de ensino na Educación Física Infantil.

1.3. Sentido da materia no perfil do mestre especialista en Educación Infantil

Relación con outras disciplinas:

Unha vez que analizamos os descritores e os programas das materias do Plano de Estudos, podemos subliñar que garda relación, basicamente, coas materias seguintes:

- **Psicoloxía da Educación e do Desenvolvemento en Idade Escolar**, esta materia impártese no mesmo curso que o Desenvolvemento Psicomotor e ten entre os seus obxectivos introducir o alumnado no estudo dos cambios que se manifestan no ciclo vital (infancia e adolescencia) nas dimensións psicomotriz, cognitiva e emocional-personal-moral.
- **Didáctica da Educación Infantil**, materia que se imparte no mesmo curso que o Desenvolvemento Psicomotor. Entre os seus obxectivos están os que se refiren ao coñecemento dos elementos que constitúen o currículo, as orientacións metodolóxicas e organizativas e a aplicación destes coñecementos á elaboración de unidades didácticas.

2. Desenvolvemento da experiencia

Avaliación da experiencia piloto de adaptación de materias ao crédito europeo na Facultade de Ciencias da Educación (2004-05, 2005-06)

Titulación de Educación Infantil.

- **Desenvolvemento da expresión Musical e da súa Didáctica**, esta materia impártese no terceiro curso e nos seus descritores faise referencia á educación rítmica que ten relación coa percepción espazo-temporal que se trata no tema das condutas perceptivo-motrices.
- **Expresión e Comunicación Corporal**, esta é unha materia optativa que se imparte no primeiro curso, cuxos descritores aluden o corpo e o movemento como medio de expresión (danza, dramatización etc.) e que ten moita relación con varios dos contidos do desenvolvemento psicomotor.

Papel da materia no Plano de Estudos

É unha materia que xoga un papel moi importante na formación do mestre especialista de educación infantil porque os seus contidos constitúen un pilar básico para podermos planificar e desenvolver o currículo de educación infantil, máis concretamente os obxectivos e os contidos da área de *identidade e autonomía persoal* e da *área de expresión e comunicación*.

1.4. Prerrequisitos para estudar a materia:

Ningún. Se ben, sería interesante que cursasen antes a materia *Didáctica da Educación Infantil*.

1.5. Competencias:

– Xenéricas:

- *Instrumentais:*
 - Capacidade de análise e de síntese
 - Capacidade de aprendizaxe e de adaptación a novas situacións
 - Capacidade de aplicar o coñecemento na práctica
 - Capacidade de razoar de maneira reflexiva e crítica
- *Interpersoais:*
 - Capacidade de comunicación interpersoal e traballo en equipo disciplinar e interdisciplinar
- *Sistémicas:*
 - Aprendizaxe autónoma
 - Motivación pola calidade
 - Capacidade innovadora

– Específicas:

- Saber deseñar, desenvolver e avaliar sistematicamente os procesos de ensino-aprendizaxe, relativos a esta materia con atención ás características individuais e contextuais dos alumnos.
- Ser capaz de analizar, seleccionar, utilizar e avaliar os materiais curriculares de EFI que son adecuados ás actividades e ás posibles circunstancias en que estas teñen lugar.
- Saber utilizar o xogo como recurso didáctico, así como deseñar actividades de ensino-aprendizaxe baseadas en principios lúdicos e metodolóxicos da Educación Física Infantil (EFI).
- Debe ser capaz de investigar a propia práctica docente e de planificar colaborativamente con todos os docentes, para respectar o principio da globalización.

1.6. Obxectivos

- ↪ Comprender a complexidade do concepto do desenvolvemento psicomotor e da Educación Física Infantil e as diferentes perspectivas desde as que se pode enfrontar o seu estudo.
- ↪ Coñecer e analizar os principais contidos do desenvolvemento psicomotor e da Educación Física Infantil que lle permitan argumentar e tomar decisións axustadas ás circunstancias.
- ↪ Identificar, desde unha perspectiva globalizada, os contidos relativos a área de Educación Física que están presentes no currículo da Educación Infantil.
- ↪ Saber planificar en grupo e saber desenvolver unidades didácticas globalizadas que recollan os contidos da materia Desenvolvemento Psicomotor e analizar, reflexionar, interpretar e sacar conclusións das observacións das prácticas realizadas co alumnado de educación infantil da escola anexa.
- ↪ Saber manexar cunha actitude crítica e reflexiva as fontes documentais propias da materia para utilizar con rigor académico a información extraída das diferentes fontes de información.
- ↪ Valorar a importancia do mestre como investigador e colaborador, para mellorar a súa propia práctica, para analizar e para manter unha actitude de formación e de innovación permanente.

1.7. Temario

BLOQUE	TEMA
I. Educación Física Infantil e Psicomotricidade	1.- Educación Física Infantil e Psicomotricidade
II. Desenvolvemento físico e psicomotor	2.- Desenvolvemento físico 3.- Desenvolvemento psicomotor
III: Contidos do Desenvolvemento Psicomotor	4.- O esquema corporal 5.- As habilidades perceptivas 6.- As habilidades motrices básicas 7.- A expresión corporal 8.- O xogo
IV: Didáctica da educación física infantil	9.- Os obxectivos e os contidos da educación física infantil 10.- Os métodos de ensino–aprendizaxe 11.- Os recursos didácticos 12.- A avaliación
V: Propostas curriculares	13.-Planificación de unidades didácticas
VI: Sesións prácticas	14.-Prácticas de ensino

1.8. Método docente

A metodoloxía docente poñerá máis énfase na aprendizaxe autónoma e significativa do alumno, sen esquecer que a aprendizaxe é un proceso que depende do ensino. A metodoloxía será activa, colaborativa e participativa e axudará ao estudiantado a recompilar e a organizar a información, a formar e a construír conceptos, a construír e a verificar hipóteses partindo das súas indagacións, a expresar os seus coñecementos e a transferir os conceptos dun contexto a outro. En definitiva, estase a ensinar de maneira activa, colaborativa e participativa a “aprender a aprender”.

2. Desenvolvemento da experiencia

Avaliación da experiencia piloto de adaptación de materias ao crédito europeo na Facultade de Ciencias da Educación (2004-05, 2005-06)

Titulación de Educación Infantil.

Ao longo do curso, utilizaranse as modalidades formativas seguintes:

- sesións presenciais
- traballos individuais
- traballos en grupo
- titorías

1.9. A avaliación

De seguirmos a liña de formación que se centra na aprendizaxe do estudante, a avaliación deberase centrar en todo o proceso de ensino-aprendizaxe. Para avaliar o ensino da profesora, o programa e o seu desenvolvemento, entre outros elementos, utilizarase o diario, as respostas do alumnado ás súas propostas, a calidade das producións dos estudantes e o cuestionario. A avaliación do alumno será continua e terá un carácter formativo. Os aspectos para avaliar, entre outros, son:

- asistencia, participación e calidade desta nas sesións presenciais
- a elaboración de temas
- o resumo de lecturas
- a planificación e a exposición dunha unidade didáctica
- a planificación e a posta en práctica dunha sesión
- o rexistro da información da posta en práctica de todas as sesións

2. DESENVOLVEMENTO DO TEMARIO

2.1. Contidos

2.1.1. Bloque I: Educación Física Infantil e Psicomotricidade

2.1.1.1. - Introducción

Este bloque de fundamentos teóricos da Educación Física e da Psicomotricidade cumpre principalmente a función introdutoria da materia e vai sentar as bases para a comprensión da importancia que ten a Educación Física Infantil e o adecuado desenvolvemento psicomotor do neno de educación infantil. Para isto, faremos un breve recorrido histórico cara aos conceptos de Educación Física Infantil e de Psicomotricidade, faremos fincapé en como os aspectos educativos evolucionan na sociedade e estudaremos as peculiaridades e a relación entre ambos os conceptos.

2.1.1.2. - Obxectivos e contidos

Bloque I: Educación Física Infantil e Psicomotricidade

Tema 1

Educación Física Infantil (EFI) e Psicomotricidade

Obxectivos

- Coñecer e comprender as concepcións da Educación Física e da Psicomotricidade
- Coñecer e analizar os obxectivos comúns e peculiares da Educación Física Infantil e da Psicomotricidade
- Resumir as ideas principais de cada unha das concepcións da Psicomotricidade
- Ser reflexivo, respectuoso e crítico coa información que produce e coa que recibe

Contidos		
Conceptuais	Procedementais	Actitudinais
Esenciais: - Concepto de EFI e de psicomotricidade - Os obxectivos da EFI e da psicomotricidade - As concepcións da psicomotricidade Ampliación: - Correntes actuais da psicomotricidade	Esenciais: - Resumo das lecturas recomendadas - Argumentación reflexiva a favor das propias afirmacións e análise crítica das argumentacións dos demais Ampliación: - Elaboración ampliada do tema	Esenciais: - Valoración crítica das diferentes concepcións da psicomotricidade - Demostración dunha actitude reflexiva e crítica cara á información que recibe e que produce

2.1.1.3. - Metodoloxía

Organización do traballo discente e exposición por parte da profesora, apoiada nos medios audiovisuais, da **Técnica Puzzle de Aronson**.

Puzzle de Aronson

PARTES DO TEMA	Grupo de expertos	ALUMNOS									
		1a	2a	3a	4a	5a	6a	7a	8a	9a	0a
1.- Achegas á psicomotricidade	A A										
2.- Aproximación ao concepto de psicomotricidade	B B	1b	2b	3b	4b	5b	6b	7b	8b	9b	0b
3.- A escola francesa de psicomotricidade	C C	1c	2c	3c	4c	5c	6c	7c	8c	9c	0c
4.- Concepcións norteamericanas e españolas	D D	1d	2d	3d	4d	5d	6d	7d	8d	9d	0d
GRUPO PUZZLE		1	2	3	4	5	6	7	8	9	0

2.1.1.4. - Temporalización

Presenciais - 1 hora para a exposición e a organización do traballo discente por parte da profesora - 1 hora para a reflexión colaborativa do grupo sobre o resumo - 1 hora de debate	Non presenciais - 6 horas para a lectura dos textos recomendados - 2 horas para a elaboración do resumo das ideas principais - X horas para o tema opcional de ampliación
---	---

2.1.1.5. - Bibliografía

Da Fonseca, V. (2001) Para uma Epistemología da Psicomotricidade, en V. da Fonseca e R. Martines (Eds) *Progressos em Psicomotricidades*. Lisboa: FMH Edições (páxs.13-27).

Justo Martínez, E. (2000) *Desarrollo psicomotor en educación infantil. Bases para la intervención psicomotriz*. Almería: U. Almería (páxs.13-24, 73-97).

2. Desenvolvemento da experiencia

Avaliación da experiencia piloto de adaptación de materias ao crédito europeo na Facultade de Ciencias da Educación (2004-05, 2005-06)

Titulación de Educación Infantil.

Palomero, J.E., Lázaro, A. e Fernández, M^a R. (2000), Tema monográfico: psicomotricidad y educación, en *Revista Interuniversitaria de Formación del Profesorado*, núm. 37, páxs. 21-33.

Pastor, J.L. (2002), *Fundamentación conceptual para una intervención psicomotriz en Educación Física*. Barcelona: INDE. (páxs. 211-287).

2.1.2. Bloque II: Desenvolvemento físico e psicomotor

2.1.2.1. - Introducción

Este bloque recolle os contidos básicos que o futuro mestre especialista de educación infantil deberá coñecer para adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe ao nivel de desenvolvemento do alumnado. A finalidade deste bloque é a de dar a coñecer aos futuros mestres os cambios, quer no ámbito físico quer no psicomotor, que se producen na vida dos nenos de educación infantil e que se relacionan con diferentes formas de organización da súa actividade psicomotriz.

Os contidos deste bloque gardan moita relación co tema do esquema corporal, o da sensación e da percepción propioceptiva e exteroceptiva, o das habilidades motrices básicas e o da avaliación. Ademais, ten relación coa materia curricular *Psicoloxía da Educación e do Desenvolvemento en Idade Escolar*.

2.1.2.2. - Obxectivos e contidos

Bloque II: Desenvolvemento físico e psicomotor		
Tema 2 Desenvolvemento físico		
Obxectivos		
<ul style="list-style-type: none"> • Coñecer o significado dos termos máis frecuentes no estudo do desenvolvemento humano: crecemento, maduración, aprendizaxe e desenvolvemento • Coñecer os indicadores do desenvolvemento físico e os factores que inflúen neste desenvolvemento • Resumo das ideas fundamentais das lecturas recomendadas e elaboración dos contidos do tema • Fomentar a capacidade do traballo en equipo 		
Contidos		
Conceptuais	Procedementais	Actitudinais
Esenciais: - Conceptos relacionados co desenvolvemento motor humano - Concepto de desenvolvemento físico - Indicadores do desenvolvemento físico - Ciclos do desenvolvemento físico - Factores do desenvolvemento físico - Os sistemas corporais Ampliación - Modelos explicativos do desenvolvemento motor humano e/ou	Esenciais: -Elaboración do tema en base ás lecturas recomendadas - Deseño en Power Point da presentación das preguntas do tema - Exposición das preguntas do tema utilizando a presentación en Power Point - Apreciación crítica dos deseños e das formas de exposición presentación informática Ampliación - Resumo dos modelos explicativos do desenvolvemento motor humano	Esenciais: - Cooperación cos compañeiros - Responsabilidade e coidado no uso dos medios tecnolóxicos - Demostración dunha actitude reflexiva e crítica cara á información que recibe e que produce

Tema 3 Desenvolvemento Psicomotor		
Obxectivos <ul style="list-style-type: none"> • Coñecer as posibilidades motrices do neno de 0 a 6 anos • Coñecer as posibilidades de organización das nocións de espazo, tempo e mundo dos obxectos • Coñecer os aspectos máis relevantes da organización do esquema corporal • Valorar a transcendencia para as aprendizaxes escolares do correcto desenvolvemento psicomotor • Tomar conciencia da importancia do desenvolvemento psicomotor • Resumir as ideas fundamentais das lecturas recomendadas e fomentar a utilización de material bibliográfico de apoio doutras materias para a elaboración dos contidos do tema • Desenvolver a capacidade de se expresar oralmente en público • Favorecer a utilización das tecnoloxías da información e da comunicación 		
Contidos		
Conceptuais	Procedementais	Actitudinais
Esenciais: <ul style="list-style-type: none"> - Leis que rexen o desenvolvemento psicomotor - Modelos explicativos do desenvolvemento motor - Posibilidades motrices do neno de 0-6 anos - Organización das nocións de espazo, tempo e mundo dos obxectos - Organización do esquema corporal - Factores do desenvolvemento das habilidades psicomotoras - Características do desenvolvemento psicomotor - O desenvolvemento psicomotor e as aprendizaxes escolares Ampliación: <ul style="list-style-type: none"> - Trastornos do desenvolvemento psicomotor e/ou resumo dos modelos explicativos do desenvolvemento motor humano 	Esenciais: <ul style="list-style-type: none"> - Elaboración do tema en base ás lecturas recomendadas - Deseño en Power Point da presentación das preguntas do tema - Exposición das preguntas do tema utilizando a presentación en Power Point - Apreciación crítica dos deseños e das formas de exposición da presentación informática Ampliación: <ul style="list-style-type: none"> - Elaboración dun traballo dos trastornos psicomotores e/ou resumo dos modelos explicativos do desenvolvemento motor humano 	Esenciais: <ul style="list-style-type: none"> - Cooperación cos compañeiros - Responsabilidade e coidado no uso dos medios tecnolóxicos - Demostración dunha actitude reflexiva e crítica cara á información que recibe e que produce - Valoración da importancia do desenvolvemento psicomotor

2.1.2.3. - Metodoloxía

Organización do traballo discente por parte da profesora. Cada alumno individualmente elaborará os dous temas e lembráremoslle a importancia da reflexión sobre a relación dos dous temas con contidos da propia materia e doutras materias do currículo. Posteriormente, os alumnos agrúpanse (4 alumnos) e realizarán unha presentación en Power Point que dará resposta a unha pregunta formulada libremente por eles e ás seguintes:

1. Que factores inciden no desenvolvemento físico?
2. Pode acelerarse o retrasarse o desenvolvemento psicomotor?
3. Cales son as posibilidades motrices dos nenos de 0-6 anos?

A presentación será realizada por aqueles alumnos que, de maneira aleatoria, decida a profesora. Seguidamente haberá un debate.

Opcionalmente, realizarán o tema dos trastornos do desenvolvemento psicomotor e/ou o resumo dos modelos explicativos do desenvolvemento motor humano.

2. Desenvolvemento da experiencia

2.1.2.4. - Temporalización

Presenciais

2 horas para a exposición e a organización do traballo discente por parte da profesora
3 horas para a exposición por parte do alumnado
1 hora de debate

Non presenciais

- 17 horas para a lectura dos textos recomendados
- 12 horas para a elaboración dos temas
- 4 horas para a elaboración da presentación en **Power Point**
- X horas para o tema opcional

2.1.2.5. - Bibliografía

Casla, M. e outros (2004) El desenvolvemento físico, cognitivo e lingüístico en la infancia temprana (0-2 anos) y (3-6 anos), en M^a v. Trianes e J.A. Gallardo (Coord.) *Psicología de la Educación y del desarrollo en contextos escolares*. Madrid: Pirámide, páxs.141-167 e 193-197.

Conde, J.I. e Viciano, V. (1997) *Fundamentos para el desarrollo de la motricidad en edades tempranas*. Málaga: Aljibe, páxs. 37-44 e 173-209

Fernández Jiménez, C. (2001) Intervención en los procesos de crecimiento y maduración: maduración psicofisiológica, en F.Miras, e outros, *Psicología de la educación y del desarrollo en la edad escolar*. GEU, páxs.479-515.

Gassier, J. (1992) *Manual del desarrollo psicomotor del niño*. Barcelona: Masson, páxs.13-54.

Gil, P. (2003) *Desarrollo psicomotor en Educación Infantil (0-6 anos)*, Sevilla: Wanceulen, páxs.17-32 e 85-91.

Granda, J. e Alemany, I. (2002) *Manual de aprendizaje y desarrollo motor. Una perspectiva educativa*. Barcelona: Paidós, páxs.19-24, 35-42, 45-59.

Maganto, C. e Cruz, S. (2004) Desarrollo físico y psicomotor en la etapa de infantil, en M^a P. Bermúdez e A. M^a Bermúdez (Eds.) *Manual de Psicología Infantil*, Madrid: Biblioteca nueva, páxs. 27-63.

Sampascual, G. (1997) Tema 3. Desarrollo psicomotor, en M^a P.Lebrero (Dr.) *Especialización del profesorado de educación infantil (0-6) modulo 1-1*. Barcelona: Planeta, páxs.165-185.

2.1.3. Bloque III: Contidos do desenvolvemento psicomotor

2.1.3.1. - Introducción

Este bloque é especialmente importante porque se tratan os contidos propios do desenvolvemento psicomotor. Tratamos o tema do esquema corporal (a correcta conformación deste é da máxima transcendencia no proceso educativo, xa que un déficit na súa estruturación tradúcese en desaxustes no plano perceptivo, no plano motor e no plano da comunicación e da relación cos outros). Outros temas relevantes son as habilidades perceptivo-motrices, as habilidades motrices básicas, a expresión corporal e o xogo

2.1.3.2. - Obxectivos e contidos

Bloque III: Contidos do desenvolvemento psicomotor		
Tema 4 O esquema corporal		
Obxectivos <ul style="list-style-type: none"> • Coñecer e comprender as bases teórico-prácticas do esquema corporal • Valorar a importancia da correcta elaboración do esquema corporal • Recoñecer as posibles alteracións do eixo de simetría corporal e da súa implicación na actitude corporal • Analizar o papel das capacidades coordinativas, do equilibrio e da coordinación na organización e na regulación do movemento • Tomar conciencia da importancia da lateralidade • Distinguir os tipos de respiración • Coñecer e comprender os obxectivos da relaxación 		
Contidos		
Conceptuais	Procedementais	Actitudinais
Esenciais: <ul style="list-style-type: none"> - Concepto do esquema corporal - Etapas da estruturación do esquema corporal - Implicacións do esquema corporal mal estruturado - Relacións do esquema corporal coas actividades escolares e con outros contidos - O coñecemento do corpo - A cinestesia - A noción do corpo a través do debuxo da figura humana - O ton muscular - Clases de ton - Actitude e postura - Regulación tónica e axuste postural - A alineación corporal - A educación da actitude - O equilibrio - A coordinación - Concepto de lateralidade - Tipos de lateralidade - Evolución do proceso de lateralización - A respiración - Como educar a respiración - Concepto de relaxación - Tipos de relaxación - Aspectos para considerar na relaxación - Obxectivos da relaxación - Formas de traballo da relaxación - A educación dos sentidos 	Esenciais: <ul style="list-style-type: none"> - Exposición dos conceptos básicos - Identificación dos procedementos máis axeitados para a práctica dos elementos do esquema corporal 	Esenciais: <ul style="list-style-type: none"> - Reflexión sobre a importancia da correcta elaboración do esquema corporal
Tema 5 As habilidades perceptivas		
Obxectivos <ul style="list-style-type: none"> • Coñecer e comprender os conceptos relacionados coas habilidades perceptivas • Coñecer as implicacións que as habilidades perceptivas teñen na aprendizaxe escolar • Resumir as ideas principais de cada un dos compoñentes das habilidades perceptivas • Saber deseñar actividades relacionadas coas habilidades perceptivas • Valorar a importancia do correcto desenvolvemento das habilidades perceptivas 		

2. Desenvolvemento da experiencia

Avaliación da experiencia piloto de adaptación de materias ao crédito europeo na Facultade de Ciencias da Educación (2004-05, 2005-06)

Titulación de Educación Infantil.

Contidos		
Conceptuais	Procedementais	Actitudinais
Esenciais: <ul style="list-style-type: none"> - Conceptos relacionados coa percepción do espazo - A percepción do espazo - A orientación espacial - A organización espacial - Tipos de espazo - Evolucións espaciais, elementos para considerar: nivel, dirección, traxectoria, plano e foco - Propostas e orientacións didácticas para a práctica - A percepción do tempo - O ritmo - Análise dos compoñentes rítmicos - Tempo e ritmo - Tempo e música - Etapas pedagóxicas da educación rítmica - Proposta práctica para desenvolver o tema 	Esenciais: <ul style="list-style-type: none"> - Exposición dos conceptos básicos - Identificación dos procedementos máis axeitados para a práctica dos elementos das habilidades perceptivas 	Esenciais: <ul style="list-style-type: none"> - Reflexión sobre a influencia da educación da percepción espacial e temporal
Tema 6 As habilidades motrices básicas (HMB)		
Obxectivos <ul style="list-style-type: none"> • Coñecer e comprender as bases teóricas das habilidades motrices básicas • Resumir as ideas principais de cada unha das habilidades motrices básicas • Diferenciar as características motrices dos nenos de 0 a 6 anos • Saber deseñar actividades relacionadas coas HMB • Mostrar unha actitude positiva cara a todas as HMB e as súas posibles combinacións 		
Contidos		
Conceptuais	Procedementais	Actitudinais
Esenciais: <ul style="list-style-type: none"> - As habilidades motrices básicas <ul style="list-style-type: none"> · Gatear · Camiñar · Correr · Saltar · O lanzamento e a recepción · Trepar · Escalar · - As características das habilidades motrices básicas e a súa relación co desenvolvemento motor 	Esenciais: <ul style="list-style-type: none"> - Exposición dos conceptos básicos - Identificación dos procedementos máis axeitados para a práctica dos elementos das habilidades motrices básicas 	Esenciais: <ul style="list-style-type: none"> - Reflexión sobre a influencia da educación nas habilidades motrices básicas
Tema 7 A expresión corporal		
Obxectivos <ul style="list-style-type: none"> • Coñecer e comprender as bases teóricas da expresión corporal • Coñecer e diferenciar as principais correntes da expresión corporal • Coñecer e analizar as principais manifestacións da expresión corporal • Elaborar o tema que recolla as principais ideas, que proveñan doutras materias ou de diferentes fontes de información, vinculadas á expresión e á comunicación corporal na educación infantil • Saber deseñar actividades relacionadas coa expresión corporal • Valorar as posibilidades educativas das principais manifestacións da expresión corporal 		

Contidos		
Conceptuais	Procedementais	Actitudinais
Esenciais: - Concepto de expresión e de comunicación corporal - As principais correntes da expresión corporal · Corrente psicanalítica · Corrente escénica, artística ou profesional · Corrente metafísica · Corrente pedagóxica - As principais manifestacións da expresión corporal · A danza · A dramatización · O proceso de creación do xogo dramático · Modalidades de representación	Esenciais: - Reestruturación, integración e relación da información das diferentes materias para a elaboración do tema - Aplicación de diferentes alternativas en relación coa maneira de organizar a información para a elaboración do tema - Identificación dos procedementos máis axeitados para a práctica da expresión corporal na Educación Infantil	Esenciais: - Valoración da linguaxe corporal como medio de expresión e de comunicación - Valoración reflexiva e crítica das principais manifestacións da expresión corporal
Tema 8 O xogo		
Obxectivos <ul style="list-style-type: none"> • Coñecer e comprender as bases teóricas do xogo • Recoñecer as posibles achegas do xogo ao desenvolvemento integral do neno • Coñecer as principais clasificacións dos xogos en educación infantil • Elaborar o tema que recolla os aspectos máis importantes do xogo na educación infantil, que recolla as principais ideas, que procedan doutras materias ou de diferentes fontes de información, vinculadas co xogo na educación infantil • Valorar a importancia do xogo en si mesmo e en relación coas áreas curriculares 		
Contidos		
Conceptuais	Procedementais	Actitudinais
Esenciais: - Aproximación o concepto de xogo - O xogo no primeiro ciclo de educación infantil - O xogo no segundo ciclo de educación infantil - O xogo como proceso de aprendizaxe na educación infantil - As contribucións do xogo ao desenvolvemento do neno - Clasificación dos xogos infantís Ampliación: - Recollida de xogos infantís	Esenciais: - Reestruturación, integración e relación da información que provén das distintas materias para a elaboración do tema - Aplicación de diferentes alternativas en relación coa maneira de organizar a información para a elaboración do tema - Identificación dos procedementos máis adecuados para a selección dos xogos Ampliación - Elaborar un traballo de recollida de xogos infantís	Esenciais: - Valoración do papel do xogo en relación coas áreas curriculares

2.1.3.3. - Metodoloxía

Organización do traballo discente e exposición por parte da profesora, co apoio dos medios audiovisuais, dos contidos dos temas: o esquema corporal, as habilidades perceptivas e as habilidades motrices básicas, para nos centrar fundamentalmente naqueles conceptos que favorezan os coñecementos previos e que faciliten a capacidade de seguir aprendendo.

2. Desenvolvemento da experiencia

Avaliación da experiencia piloto de adaptación de materias ao crédito europeo na Facultade de Ciencias da Educación (2004-05, 2005-06)

Titulación de Educación Infantil.

Os temas da expresión corporal e do xogo, por seren temas que son estudados desde outras materias do currículo, serán elaborados de maneira individual por cada alumno. Esta tarefa ten como finalidade facilitar ao alumnado a posibilidade de reestruturar, de integrar e de relacionar a información que procede das distintas materias, o que axuda non só a unha mellor memorización do contido senón, ademais, a unha mellor transferencia dos coñecementos asimilados a distintas situacións.

2.1.3.4. - Temporalización

Presenciais

- 8 horas para a exposición dos temas 4, 5 e 6 por parte da profesora e para a organización do traballo discente

Non presenciais

- 29 horas para a lectura dos textos recomendados
- 28 horas para a elaboración individual dos temas 7 e 8

2.1.3.5. - Bibliografía

Conde, J.I. e Viciano, V. (1997) *Fundamentos para el desarrollo de la motricidad en edades tempranas*. Málaga: Aljibe, páxs. 45-173

Gil, P. (2003) *Desarrollo psicomotor en Educación Infantil (0-6 anos)*, Sevilla: Wanceulen, páxs.43-84.

Goldschmied, E. e Jackson (2000) *La educación infantil de 0 a 3 anos*. Madrid: Morata, páxs.119-130

Justo Martínez, E. (2000) *Desarrollo psicomotor en educación infantil. Bases para la intervención psicomotriz*. Almería: U. Almería, páxs.59-72.

Le Boulch, J. (2001) *El cuerpo entra en la escuela en el siglo XXI*. Barcelona: Inde, páxs.185-281.

Lleixa,T. (1999) *Juegos sensoriales y conocimiento corporal*. Barcelona: Paidotribo.

Prieto, A. (1997) El juego en la educación infantil en M^a P. Lebrero (Coord.) *Especialización del profesorado de educación infantil*, Madrid: UNED, páxs. 289-357.

Ortiz Camacho, M^a M. (2002) *Expresión Corporal. Una propuesta didáctica para el profesorado de Educación Física*. Granada: Grupo Editorial Universitario.

Puig, I. e Sático, A. (2004) *Jugar a pensar. Recursos para aprender a pensar en educación infantil (4-5años)*. Barcelona: Octaedro – EUMO, páxs.203-27.

Ruíz, F. e outros (2003) *Los juegos en la motricidad infantil de los 3 a los 6 anos*. Barcelona: Inde, páxs.17-48.

Trister, D. e outros (2004) *Currículo creativo para educación preescolar*. Washington: Teaching Strategies, páxs.509-539.

Ampliación

Cobos, P. (1998) *El desarrollo psicomotor y sus alteraciones*. Madrid: Pirámide, páxs.43-67.

Da Fonseca, V. (1996) *Estudo y génesis de la psicomotricidad*, Barcelona: Inde, páxs.113-197.

Escriba , A. (1999) *Psicomotricidad. Fundamentos teóricos aplicables en la práctica*. Madrid: Gymnos. páxs. 105-108

Ibáñez, P. (1997) Alteraciones del desarrollo y actuación educativa M^a P. Lebrero (Dr.) *Especialización del profesorado de educación infantil (0-6) modulo1-2*. Barcelona: Planeta, págs.1213-1235.

2.1.4. Bloque IV: Didáctica da Educación Física Infantil

2.1.4.1. - Introducción

Neste bloque afrontamos os diferentes elementos do proceso de ensino-aprendizaxe que son obxecto de estudo da Didáctica da Educación Física Infantil: os obxectivos, os contidos, a metodoloxía e a avaliación. O coñecemento significativo de todos estes elementos proporciona ao alumnado a base para comprender o currículo como un conxunto de toma de decisións entre diferentes alternativas e facilita a súa intervención no proceso de ensino-aprendizaxe.

Comezamos analizando a relación dos obxectivos e dos contidos da Educación Infantil cos contidos do desenvolvemento psicomotor e da EFI. A respecto dos obxectivos xerais da etapa, debemos ter en conta o papel que xoga a materia de desenvolvemento psicomotor no seu alcance. Os contidos do desenvolvemento psicomotor, que tratamos no bloque anterior, están moi relacionados cos contidos da Educación Infantil, de maneira moi especial cos obxectivos contidos da área de *identidade e autonomía persoal* e da área de *comunicación e expresión corporal*.

A análise dos aspectos xerais do marco curricular da Educación Infantil que propomos neste bloque, ten como finalidade desenvolver unha perspectiva global en que situar os contidos do desenvolvemento psicomotor, non como unha materia descontextualizada senón como unha materia moi vinculada ás tres áreas de coñecemento do Deseño Curricular Base da Educación Infantil.

Neste bloque intentaremos, ademais, por un lado, dar resposta ao interrogante, como ensinar? Descubriremos as distintas opcións que nos brinda o abano dos diferentes métodos que van desde os métodos máis directivos aos de resolución de problemas, se tomamos en consideración o significado oculto da propia metodoloxía que usamos. Por outro lado, analizaremos a relevancia da avaliación no contexto educativo e procuraremos dar resposta aos interrogantes que, cando e como avaliar? Tomaremos como punto de referencia os criterios de avaliación do currículo oficial.

2.1.4.2. - Obxectivos e contidos

Bloque IV: Didáctica da Educación Física Infantil (EFI)
Tema 9 Os obxectivos e os contidos da Educación Física Infantil
Obxectivos <ul style="list-style-type: none">• Analizar os obxectivos e os contidos do currículo de Educación Infantil, adoptar unha actitude reflexiva e crítica e relacionar o papel que xoga no currículo a materia de desenvolvemento psicomotor e coa EFI• Coñecer e comprender a secuenciación dos obxectivos e dos contidos da Educación Infantil en relación coa materia desenvolvemento psicomotor e coa EFI• Realizar un resumo dos obxectivos e dos contidos do currículo de Educación Infantil que garden máis relación coa materia de desenvolvemento psicomotor e coa EFI• Valorar a importancia das achegas da materia de desenvolvemento psicomotor e da EFI en relación co currículo de Educación Infantil

2. Desenvolvemento da experiencia

Avaliación da experiencia piloto de adaptación de materias ao crédito europeo na Facultade de Ciencias da Educación (2004-05, 2005-06)

Contidos		
Conceptuais	Procedementais	Actitudinais
<p>Esenciais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Os obxectivos da Educación Infantil desde a perspectiva do desenvolvemento psicomotor e da EFI - Os contidos da Educación Infantil desde a perspectiva do desenvolvemento psicomotor e da EFI - A secuenciación dos obxectivos e dos contidos desde a perspectiva da materia de desenvolvemento psicomotor e da EFI 	<p>Esenciais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Realización dun resumo da relación entre os obxectivos xerais de etapa e os obxectivos da área, desde a perspectiva da materia de desenvolvemento psicomotor e da EFI - Realización dun esquema dos bloques temáticos de contidos das tres áreas do currículo e da súa relación cos aspectos recollidos na materia desenvolvemento psicomotor e na EFI 	<p>Esenciais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Valorar a importancia que teñen os aspectos da materia desenvolvemento psicomotor e a EFI cos obxectivos e cos contidos desta etapa - Reflexión crítica do currículo de Educación Infantil
<p>Tema 10 Os métodos de ensino–aprendizaxe e os recursos didácticos</p>		
<p>Obxectivos</p> <ul style="list-style-type: none"> • Coñecer e comprender os métodos de ensino-aprendizaxe da EFI • Resumir as ideas principais de cada unha das orientacións, dos principios, dos métodos e dos recursos da intervención didáctica na EFI • Reflexionar con actitude crítica sobre as orientacións, os principios, os métodos e os recursos da intervención didáctica na EFI 		
Contidos		
Conceptuais	Procedementais	Actitudinais
<p>Esenciais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Orientacións e principios da intervención didáctica na EFI - O método de ensino directo - O método de descubrimento guiado - O método da resolución de problemas - O xogo como recurso metodolóxico - Os contos metafóricos 	<p>Esenciais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Resumo das lecturas recomendadas - Identificación, para poñer en práctica, das orientacións, dos principios, dos métodos e dos recursos da intervención didáctica máis adecuados aos alumnos e ao contexto 	<p>Esenciais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Cooperación cos compañeiros - Actitude responsable e crítica en relación coas orientacións, cos principios, cos métodos e cos recursos da intervención didáctica na EFI
<p>Tema 11 A avaliación</p>		
<p>Obxectivos</p> <ul style="list-style-type: none"> • Coñecer e comprender os procedementos e os instrumentos para a avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe da EFI • Resumir as ideas principais das lecturas do tema • Saber realizar un perfil psicomotor e un informe deste • Valorar a importancia da avaliación para mellorar a planificación e a posta en práctica do proxecto de ensino-aprendizaxe 		

Contidos		
Conceptuais	Procedementais	Actitudinais
Esenciais: - Avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe - A ficha de observación - Secuencias de desenvolvemento psicomotor - Escalas de desenvolvemento - O perfil psicomotor - O portafolios	Esenciais: - Resumo das lecturas recomendadas - Rexistro das observacións - Realización dun perfil psicomotor	Esenciais: - Cooperación cos compañeiros - Actitude responsable e crítica en relación coas orientacións, cos principios, cos métodos e cos recursos da intervención didáctica na EFI

2.4.3. Metodoloxía

Organización do traballo discente e exposición por parte da profesora, co apoio dos medios audiovisuais, para impartir de maneira sintetizada as ideas principais dos contidos e para nos centrar, fundamentalmente, naqueles conceptos que favorezan a comprensión dos temas.

Os alumnos, por grupos, analizarán o Deseño Curricular Base (DCB) e o Desenvolvemento Curricular (DC) para realizar, desde a perspectiva da materia de desenvolvemento psicomotor e da EFI, un resumo da relación entre os obxectivos xerais de etapa e os obxectivos da área e un esquema dos bloques temáticos de contidos das tres áreas do currículo. Ademais, realizarán un resumo das ideas principais das lecturas recomendadas sobre os métodos de ensino-aprendizaxe, os recursos didácticos e a avaliación. Cada grupo realizará un perfil psicomotor dos nenos/as e o informe que corresponda. O seguimento dos traballos realizados colaborativamente polo alumnado supervisarao o profesor nas titorías concertadas.

2.4.4. Temporalización

Presenciais - 4 horas para a exposición dos temas 9, 10 e 11 por parte da profesora e para a organización do traballo discente - 10 horas de titorías concertadas repartidas en 30 minutos por grupo - Análise DCB e DC	Non presenciais - 12 horas para a lectura dos textos recomendados - 2 horas para a análise do DCB e do DC - 12 horas para a elaboración dos resumos - 6 horas para a preparación, a realización do perfil psicomotor e a elaboración do informe
---	--

2.4.5. Bibliografía

Ameijeiras, R. (2002) *Educación infantil aspectos didácticos y organizativos*. Cáceres: Universidade de Extremadura, páxs. 69-90

Antón, E. e outros (1997) *Actividades en Educación Infantil (3-6 anos). Indicadores de avaliación*. Madrid: Editorial Escuela Española.

Gil, P (2004) *Metodología de la Educación Física en Educación Infantil*. Sevilla: Wanceulen.

Koupernik, C e Soulé, M. (1976) *Desarrollo psicomotor de la primera infancia*. Barcelona: Paideia, páxs.105-179.

Puig, I. (2004) *Jugar a pensar. Recursos para aprender a pensar en educación infantil (4-5años)*. Barcelona: Octaedro – EUMO, páxs.33-41,52-54,56-63, 67-69.

2. Desenvolvemento da experiencia

Avaliación da experiencia piloto de adaptación de materias ao crédito europeo na Facultade de Ciencias da Educación (2004-05, 2005-06)

Titulación de Educación Infantil.

Romero, C. e Cepero, M. (2002) *Bases teóricas para la formación del maestro especialista en Educación Física*. Granada. Grupo editorial universitario, páxs.160-167.

Shores, E. e Grace, C. (2004) *El portafolio paso a paso*. Barcelona: GRAÓ

Xunta (1992) *Diseño Curricular Base*. Santiago: Consellaría de Educación

Xunta (1992) *Desenvolvemento Curricular*. Santiago: Consellaría de Educación

2.1.5. Bloque V: Propostas curriculares

2.1.5.1. - Introducción

Este bloque é fundamental dentro do programa porque permite reflectir a interacción da teoría e da práctica na formación do futuro profesor e desenvolver a súa capacidade crítica e reflexiva arredor dos diferentes elementos do currículo e elaborar propostas curriculares para a práctica docente. A finalidade principal deste bloque é a de concretar a organización do proceso de ensino-aprendizaxe nunha unidade didáctica realizada desde a análise e a reflexión dos elementos que se trataron no bloque anterior.

2.1.5.2. - Obxectivos e contidos

Bloque V Propostas curriculares		
Tema 13 Planificación de unidades didácticas		
Obxectivos		
<ul style="list-style-type: none"> • Tomar decisións planificadas sobre os elementos básicos do currículo: obxectivos, contidos, actividades, metodoloxía, recursos e avaliación, para elaborar propostas curriculares desde a reflexión crítica das intencións educativas da etapa, as necesidades dos alumnos e as características socioculturais do contexto • Diseñar colaborativamente unidades didácticas globalizadas acordes cos elementos do currículo e apropiadas ás características do grupo clase e do contexto • Seleccionar actividades coherentes cos obxectivos que se formularon e reflexionar sobre o seu potencial globalizador e sobre o seu alcance en relación cos valores que se transmiten a través de súa práctica • Valorar a planificación como ferramenta para mellorar a calidade do ensino e o propio desenvolvemento profesional 		
Contidos		
Conceptuais	Procedementais	Actitudinais
Esenciais: <ul style="list-style-type: none"> - Estrutura da unidade didáctica · Introducción · Identificación · Xustificación · Avaliación inicial · Os obxectivos didácticos · Os contidos · Metodoloxía · As actividades · Os materiais e os recursos · As adaptacións curriculares · A avaliación 	Esenciais: <ul style="list-style-type: none"> - Elaboración, por grupos, dunha unidade didáctica - Exposición na clase da unidade didáctica Ampliación: <ul style="list-style-type: none"> - Elaboración dun proxecto didáctico 	Esenciais: <ul style="list-style-type: none"> - Utilización, de maneira crítica e reflexiva, do currículo oficial - Actitude positiva para a deliberación e para o traballo en equipo - Valoración da planificación como ferramenta para mellorar a calidade do ensino e o propio desenvolvemento profesional

2.1.5.3. - Metodoloxía

Organización do traballo discente e exposición por parte da profesora, co apoio dos medios audiovisuais, dos elementos da programación de aula, para nos centrar, fundamentalmente, naqueles conceptos que favorezan os coñecementos previos e que faciliten a posterior elaboración da unidade didáctica. Os alumnos, por grupos (4 alumnos), elaborarán unha unidade didáctica sobre un centro de interese, que será supervisada durante todo o proceso pola profesora. Posteriormente, expoñerana na clase aos compañeiros. Na exposición teñen que participar todos os membros do grupo. Posteriormente, os compañeiros e a profesora poden intervir e pedir que se aclaren algunhas dúbidas ou que se amplíe algún concepto.

2.1.5.4. - Temporalización

Presenciais

- 1 hora para a exposición e para a organización do traballo discente por parte da profesora
- 10 horas, 1 hora para cada grupo distribuída así: 40 minutos para a exposición por parte do grupo da unidade didáctica e 20 minutos para o debate
- 10 horas de titorías concertadas repartidas en 30 minutos por grupo

Non presenciais

- 4 horas para a lectura dos textos recomendados
- 30 para a elaboración da unidade didáctica e para o deseño da presentación
- X horas para o tema opcional

2.1.5.5. - Bibliografía

García González, F (1994) *Cómo elaborar unidades didácticas en la educación infantil*. Madrid. Escola Española.

Xunta (1992) *Deseño Curricular Base*. Santiago: Consellaría de Educación

Xunta (1992) *Desenvolvemento Curricular*. Santiago: Consellaría de Educación

2.1.6. Bloque VI Sesións prácticas

2.1.6.1. - Introducción

Se ben é verdade que a planificación das sesións xa foi tratada anteriormente na programación de aula, queremos dedicarlle este apartado ás sesións prácticas coa finalidade de nos centrar, de maneira máis específica, nos contidos propios da EFI, sen perder de vista o carácter globalizado da etapa. Consideramos importante que o futuro profesor coñeza diferentes posibilidades de organizar adecuadamente as decisións que toma na unidade didáctica e aprenda colaborativamente a deseñar e a poñer en práctica situacións que favorezan a aprendizaxe significativa no alumnado de educación infantil. A través da observación das actividades realizadas na sesión podemos percibir a relación que existe entre os distintos elementos que interveñen no proceso de ensino-aprendizaxe. A posta en práctica das sesións ten unha dupla finalidade: por un lado “ensinar a observar”, é dicir, exercitar os futuros profesores para ser capaces de descubrir e de analizar o que sucede nas sesións prácticas para, mediante tal observación, conseguirmos futuros docentes participantes e reflexivos. Por outro lado, potenciar no futuro profesor a súa creatividade para seleccionar, adaptar ou idear tarefas adecuadas aos obxectivos formulados, a partir da reflexión colaborativa sobre a súa propia acción e a dos outros.

2. Desenvolvemento da experiencia

2.1.6.2. - Obxectivos e contidos

Bloque VI Sesións prácticas		
Tema		
Prácticas de ensino		
Obxectivos - Saber planificar sesións prácticas e tomar como referente os elementos básicos do currículo, as necesidades dos alumnos e as características socioculturais do contexto - Saber avaliar as sesións planificadas polo propio grupo e polos compañeiros, ao tomar como referente os elementos básicos do currículo, as necesidades dos alumnos e as características socioculturais do contexto - Desenvolver na práctica as sesións previamente planificadas, presentar as actividades correctamente, organizar o grupo-clase, o material e a secuencia das actividades, interactuar co alumno e co grupo clase, introducir o <i>feedback</i> nos momentos precisos, motivar e estimular a atención selectiva do alumno cara aos elementos das tarefas que así o requiran - Desenvolver, a partir dunha guía de observación, a capacidade de observar e de diagnosticar os problemas que conlevan as accións educativas no proceso de ensino-aprendizaxe, creando no alumno, un futuro profesor, unha actitude positiva cara á investigación educativa como nexos entre a teoría e a práctica		
Contidos		
Conceptuais	Procedementais	Actitudinais
Esenciais: - A sesión de Educación Física - A comunicación profesor-alumno e alumno-profesor - O deseño de actividades - A temporalización e a organización das actividades - Os sistemas de análise da complexidade das actividades - A xestión e o control da clase - A organización do grupo - A organización do espazo e dos recursos materiais - A avaliación da sesión - A ficha de observación	Esenciais: • <i>Fase preactiva</i> - Resumo das lecturas básicas sobre a sesión - Planificación por grupos dunha sesión - Análise da sesión planificada • <i>Fase interactiva</i> - Posta en práctica da sesión previamente planificada - Observación da práctica • <i>Fase pos-activa</i> - Reflexión sobre a práctica realizada e rexistro da información	Esenciais: - Actitude positiva para a deliberación e para o traballo en equipo - Valorar a importancia da dialéctica teoría-práctica

2.1.6.3. - Metodoloxía

Organización do traballo discente e exposición por parte da profesora, co apoio dos medios audiovisuais, dos elementos da sesión, para nos centrar, fundamentalmente, naqueles conceptos que favorezan os coñecementos previos e que faciliten a súa posterior planificación. Os alumnos, por grupos (4 alumnos), planificarán unha sesión, que será supervisada durante todo o proceso pola profesora e será posta en práctica cos nenos de educación infantil da escola anexa.

O calendario de prácticas será elaborado pola profesora no segundo cuadrimestre. O tempo das clases prácticas é de 120 minutos, que se distribúen da forma que segue: os primeiros sesenta minutos estarán destinados ao traballo directo cos nenos, os que restan dedicaranse ao comentario e ao debate da sesión observada e a cubrir a ficha de observación.

Con relación ao procedemento, primeiramente o grupo que ten que impartir a sesión facilita ao resto dos grupos a ficha de planificación desta, cunha semana de antelación. A ficha, elaborada por eles en colaboración connosco, recollerá o que teñen previsto realizar no nivel proposto no calendario de prácticas. Requirirase dos restantes grupos a análise e a reflexión sobre a ficha de planificación da sesión con antelación á fase interactiva; é dicir, á observación directa da súa posta en práctica cos nenos. O paso seguinte, corresponde á fase interactiva propiamente dita. Nela, mentres se realiza a actividade na aula –ximnasio- os grupos que fan de observadores tomarán notas en base á guía de observación. Unha vez realizada a tarefa anterior terá lugar unha posta en común, onde todos os futuros profesores poderán participar no debate cos seus comentarios de “viva voz” en relación cos aspectos, anotados ou non, no rexistro de observación. Ademais haberá a posibilidade de que os grupos, fóra do horario lectivo, poidan finalizar ou matizar os seus comentarios, dado que a guía de observación se entregará á profesora o día seguinte.

2.1.6.4. - Temporalización

Presenciais

- 1 hora para a exposición e para a organización do traballo discente por parte da profesora
 - 20 horas, 2 horas por clase práctica, distribuídas así: 1 hora para a sesión práctica cos nenos, 1 hora para o debate e para o rexistro da información
 -10 horas de titorías concertadas repartidas en 30 minutos por grupo

Non presenciais

- 4 horas para a lectura dos textos recomendados
 - 5 horas para a avaliación e para a reflexión das fichas de planificación
 - 6 horas para a planificación da sesión práctica
 - 5 horas para finalizar o rexistro da información na ficha de observación

2.1.6.5. - Bibliografía

Gil, P (2004) *Metodología de la Educación Física en Educación Infantil*. Sevilla: Wanceulen, páxs.61-81.

Hernández, J. L. e Velásquez, R. (2004) (Coords.) *La evaluación en Educación Física. Investigación y práctica en el ámbito escolar*. Barcelona: GRAÓ, páxs. 49-76.

Rivera, E. (2000) Intervención didáctica en educación Física, en E. Rivera e outros (Coords) *La Educación Física ante los retos del nuevo milenio*. Granada: Universidade de Granada, páxs. 351-384.

2.2. Método docente

Ao longo da exposición do desenvolvemento do programa recolleemos o método docente que se emprega en cada un dos temas ou dos bloques de contidos.

2.3. Distribución dos créditos en horas

Para a distribución dos créditos, teremos en conta:

- ↪ Que o número mínimo de horas por crédito será de 25 e o máximo de 30
- ↪ Que 8 créditos ECTS da materia equivalen entre 200 e 240 horas de traballo
- ↪ Todas as actividades formativas planificadas no desenvolvemento do temario

2. Desenvolvemento da experiencia

Avaliación da experiencia piloto de adaptación de materias ao crédito europeo na Facultade de Ciencias da Educación (2004-05, 2005-06)

ADAPTACIÓN DE MATERIAS AO CRÉDITO EUROPEO
Titulación de Educación Infantil.

Actividades formativas	
Actividade	Horas
- Sesións presenciais	59
- Traballo individual	94
- Traballo en grupo	83
- Titorías concertadas	1 hora 30 minutos
	Total: 237 horas 30 minutos

Sesións presenciais			
Núm. de sesións		Alumno	Profesor
1 sesión inicial	- Presentación da profesora e dos alumnos - Presentación da Guía Didáctica	2 horas	2 horas
6 sesións	- Exposición por parte da profesora dos conceptos básicos dos bloques temáticos	12 horas	12 horas
6 sesións	- Exposición por parte do alumnado de traballos - Debate	12 horas	12 horas
1 sesión	- Análise do DCB e do DC	2 horas	2 horas
10 sesións	- Exposición da unidade didáctica - Debate	10 horas	20 horas (10 h. x 2 g.)
10 sesións	- Prácticas de ensino - Debate - Rexistro da información	20 horas	40 horas (20 h. x 2 g.)
1 sesión final	- Autoavaliación - Avaliación do ensino - Avaliación da guía docente	1 hora	1 hora
Total horas presenciais		59 horas	89 horas

Traballo individual		
Bloque de contidos	Preparación das lecturas ásicas	Elaboración resumos / temas
1	6 horas	2 hora
2	17 horas	12 horas
3	25 horas	12 horas
4	12 horas	
5	4 horas	
6	4 horas	
Total horas	68 horas	26 horas
Total horas de traballo individual 68+26 = 94 horas		

Traballos en grupo						
Bloque	Elaboración - Temas - Resumos	Análise - DCB - DC	U. Didáctica - Elaboración - Deseño da presentación	Sesión - Planificación - Avaliación - Rexistro	Elaboración Presentacións	Perfil Psicomotor
1	1 hora					
2					4 horas	
3	4 horas				4 horas	
4	12 horas	6 horas				6 horas
5			30 horas			
6				16 horas		
Total	17 horas	6 horas	30 horas	16 horas	8 horas	6 horas
Total horas de traballos en grupo 17+6+30+16+8+6 = 83 horas						

Titorías concertadas		
Bloque	Profesor	Alumno
4	10 horas	30 minutos
5	10 horas	30 minutos
6	10 horas	30 minutos
Total horas	30 horas	1 hora 30 minutos

2.4. Distribución temporal

Sesións presenciais	Traballo individual	Traballo en grupo	Titorías concertadas
Martes 4/10/2005 - Presentación do alumnado e da profesora - Presentación da guía didáctica - Organización dos grupos estables de catro persoas			
Luns 10/10/2005 - Orientación do traballo discente e exposición pola profesora do tema 1	Do 10 ao 17 de outubro - Lectura dos textos	Do 10 ao 17 de outubro - Elaboración do resumo	
Luns 17/10/2005 - Reflexión colaborativa do grupo sobre o resumo - Debate - Entrega do resumo 1			

2. Desenvolvemento da experiencia

Avaliación da experiencia piloto de adaptación de materias ao crédito europeo na Facultade de Ciencias da Educación (2004-05, 2005-06)

Titulación de Educación Infantil.

Martes 18/10/2005 - Orientación do traballo discente e exposición pola profesora dos temas 2 e 3	Do 18 ao 31 de outubro - Lectura dos textos - Elaboración dos temas	Do 18 ao 31 de outubro - Elaboración presentación en Power Point	
Luns 31/10/2005 - Exposición dos alumnos			
Luns 7/11/2005 - Exposición dos alumnos - Debate - Entrega do tema 2 e 3			
Martes 8/11/2005 - Orientación do traballo discente e exposición pola profesora do tema 4	Do 8 de novembro ao 16 de xaneiro de 2006 - Lectura dos textos recomendados - Resumo - Elaboración dos temas 7 e 8		
Luns 14/11/2005 - Orientación do traballo discente e exposición pola profesora dos temas 5 e 6			
Martes 15/11/2005 Organización e orientación do traballo			
PRÁCTICAS e vacacións de Nadal			
		Do 9 ao 16 de xaneiro de 2006 - Elaboración do apartado de deseño da presentación	
Luns 16/1/2006 - Exposición de dous grupos (40 minutos por grupo) - Debate (20 minutos por apartado/ tema) - Entrega resumos 2	Do 16 ao 22 de xaneiro Finalizar os temas 7 e 8		
Martes 17/1/2006 - Exposición de dous grupos (40 minutos por grupo) - Debate (20 minutos por apartado/tema)			
Luns 23/1/2006 - Orientación do traballo discente e exposición pola profesora dos tema 9 e 10 - Entrega dos temas 7 e 8	Do 23 ao 27 de xaneiro - Lectura de textos		
Martes 24/1/2006 - Orientación do traballo discente e exposición pola profesora do tema 11			

26 de xaneiro final do primeiro cuadrimestre/20 de febreiro inicio do segundo cuadrimestre

Luns 20/2/2005 (grupo A) - Análise DCB e DC Luns 20/2/2005 (grupo B) - Análise DCB e DC		Do 20 ao 21 de febreiro (grupo A e B) - Continuación da análise DCB e DC	Do 20/2 ao 6/3 1ª titoría concertada con cada un dos grupos do A e do B
Martes 21/2/2005 (grupo B) - Análise DCB e DC		Do 21 febreiro ao 6 de marzo (grupo A e B) - Elaboración dos resumos - Realización do perfil psicomor. - Elaboración do informe	
Xoves 23/2/2005 (grupo A) -Análise DCB e DC			
Luns 6/3/2006 (grupo A) -Exposición pola profesora dos temas 13 e 14.Orientacións	Día 6 e 7 - Lectura de textos		
Luns 6 /3/2006 (grupo B) - Orientación do traballo discente e exposición pola profesora do tema 13			
Martes 7/3/2006 (grupo B) - Orientación do traballo discente e exposición pola profesora do tema 14 - Elaboración UD		Do 7 ao 26 de marzo grupo A e B - Elaboración UD e sesión	Do 7 ao 26 de marzo (grupo B) 2ª titoría Do 9 ao 29 de marzo (grupo A)
Xoves 9/3/2006 (grupo A) - Elaboración UD			

Prácticas de ensino (nenos de Educación Infantil da escola anexa)

Grupo A			Grupo B		
Núm. de orde	Día	Curso Ed. Inf.	Núm. de orde	Día	Curso Ed. Inf.
1	27 marzo	1	1	28 marzo	1
2	3 abril	1	2	4 abril	1
3	24 abril	1	3	18 abril	1
4	8 maio	2	4	25 abril	2
5	15 maio	2	5	2 maio	2
6	22 maio	2	6	9 maio	2
7	29 maio	2	7	16 maio	2
8	29 maio	3	8	23 maio	5

2. Desenvolvemento da experiencia

Avaliación da experiencia piloto de adaptación de materias ao crédito europeo na Facultade de Ciencias da Educación (2004-05, 2005-06)

ADAPTACIÓN DE MATERIAS AO CRÉDITO EUROPEO
Titulación de Educación Infantil.

9	5 xuño	3	9	30 maio	5
10	5 xuño	3	10	6 xuño	5
Terceira titoría concertada do 3 ao 24 de abril					
Entrega da memoria de prácticas de ensino o xoves 15 de xuño					
Exposicións das unidades didácticas					
Grupo A			Grupo B		
Núm. de orde	Día		Núm. de orde	Día	
1	30 marzo		1	28 marzo	
2	6 abril		2	4 abril	
3	20 abril		3	18 abril	
4	27 abril		4	25 abril	
5	4 maio		5	2 maio	
6	11 maio		6	9 maio	
7	18 maio		7	16 maio	
8	25 maio		8	23 maio	
9	1 xuño		9	30 maio	
10	8		10	6 xuño	
Sesión final 8 de xuño			Sesión final 6 de xuño		

2.5. Avaliación

2.5.1. Criterios de avaliación

Criterios relacionados co ensino da profesora

- ↪ Asiste con puntualidade ás clases
- ↪ Cumpre o horario de titorías
- ↪ Facilita os recursos e os materiais curriculares
- ↪ Prepara e organiza as clases
- ↪ Expón con claridade
- ↪ Intenta que os alumnos estean motivados, participen nas clases, debatan... etc.
- ↪ Resolve dúbidas e orienta o alumnado
- ↪ Establece un bo clima de traballo

Criterios relacionados coa aprendizaxe do alumnad

- ↪ Asiste puntualmente ás clases
- ↪ Asiste ás titorías
- ↪ Resume as lecturas
- ↪ Elabora os temas indicados
- ↪ Elabora o perfil psicomotor e o informe
- ↪ Analiza os documentos oficiais: DCB e DC
- ↪ Expón os temas
- ↪ Elabora a unidade didáctica
- ↪ Expón a unidade didáctica
- ↪ Planifica a sesión
- ↪ Participa na posta en práctica da sesión
- ↪ Cubre a ficha de observación
- ↪ Reflexiona sobre os contidos e as prácticas escolares
- ↪ Participa nos debates

Criterios específicos para os traballos individuais ou en grupo

- ↪ Presentación do traballo: índice, paxinado, citas e bibliografía
- ↪ Adaptación aos obxectivos que se propuxeron
- ↪ Orixinalidade
- ↪ Reflexións persoais

Criterios relacionados co programa e co seu desenvolvemento

- ↪ O desenvolvemento do programa en créditos ECTS é positivo
- ↪ Os obxectivos da materia son adecuados e adáptanse ás competencias profesionais
- ↪ Os contidos adáptanse aos obxectivos
- ↪ A organización temporal das actividades formativas é axustada
- ↪ As horas de traballo están ben calculadas
- ↪ Os criterios de avaliación son apropiados

2.5.2. Procedementos de avaliación do ensino da profesora, do programa e do seu desenvolvemento

Cuestionario anónimo

Avaliación do ensino da profesora					
	SB	NT	B	AP	SS
Asiste puntualmente ás clases presenciais					
Cumpre o horario de titorías					
Facilita os recursos e os materiais curriculares					
Prepara e organiza as clases					
Expón con claridade					
Intenta que os alumnos estean motivados, participen e debatan					
Resolve as dúbidas e orienta os alumnos					
Establece un bo clima de traballo					
Avaliación do programa e do seu desenvolvemento					
	SB	NT	B	AP	SS
O desenvolvemento do programa en créditos ECTS é positivo					
Os obxectivos da materia son adecuados e adaptaciónse ás competencias profesionais					
Os contidos adaptaciónse aos obxectivos					
As actividades formativas son interesantes					
A organización temporal das actividades formativas é axustada					
As horas de traballo están ben calculadas					
Os criterios de avaliación son apropiados					


2.5.3. Procedementos de autoavaliación do alumno

Autoavaliación Alumna/o	SB	NT	B	AP	SS
Asisto puntualmente ás clases presenciais					
Asisto ás titorías					
Resumo as lecturas					
Procuro novas fontes de información					
Elaborei os temas indicados					
Realicei o perfil psicomotor					
Expuxen os temas					
Analicei o DCB e o DC					
Colaborei na elaboración da unidade didáctica					
Expuxen a unidade didáctica					
Colaborei na planificación da sesión					
Participei na posta en práctica da sesión					
Colaborei nas reflexións recollidas nas fichas de observación					
Participei nos debates					
Entreguei os traballos na data prevista					
Respectei os criterios de presentación dos temas e dos traballos					
Realicei unha reflexión persoal, ao final do curso, sobre os contidos da materia e sobre as prácticas de ensino					

2. Desenvolvemento da experiencia

Avaliación da experiencia piloto de adaptación de materias ao crédito europeo na Facultade de Ciencias da Educación (2004-05, 2005-06)

2.5.4. Procedementos de avaliación da aprendizaxe do alumnado



Apartado 1: CONTIDOS TEÓRICO-PRÁCTICOS								
Bloque	Temas	Resumo	Exposición	Debate	Perfil	Titoría	Asistencia	C.Media
1								
2								
3								
4								
Cualificación media								

Apartado 2: EXPOSICIÓN, PARTICIPACIÓN E REFLEXIÓN							
Unidade didáctica				Prácticas de ensino: sesión			
Grupo	Exposición	Debate	Asistencia	Exposición	Debate	Reflexión/Ficha	Asistencia
1							
2							
3							
4							
5							
6							
7							
8							
9							
10							
Cualificación media				Cualificación media			

Apartado 3: MEMORIA DE PRÁCTICAS DE ENSINO					
	Presentación	Coherencia	Orixinalidade	Reflexión	Cualificación
Unidade didáctica					
Sesión					
Reflexión persoal					
Cualificación media					

CUALIFICACIÓN FINAL				
A) Apartado 1	B) Media apartado 2 e 3	Media A) e B)	Autoavaliación	Nota final

Observacións:

2. Desenvolvemento da experiencia

Avaliación da experiencia piloto de adaptación de materias ao crédito europeo na Facultade de Ciencias da Educación (2004-05, 2005-06)

2.1.3. GUÍA DOCENTE DA MATERIA LINGUA E LITERATURA GALEGA

PROFESORAS: *M^a do Carme García Rodríguez*

Blanca-Ana Roig Rechou

Datos descriptivos da materia

CÓDIGO: 581207A-B	ANO DO PLANO DE ESTUDOS: 2000	
TIPO: obrigatoria		
DEPARTAMENTO: Filoloxía Galega		
ÁREA: Filoloxía Galega e Portuguesa		
Créditos: 4,5	CRÉDITOS ECTS: 4,5x27=121,5	
CICLO: 1º ciclo	CURSO: primeiro Esp. Mestre Educación Infantil	CUADRIMESTRE: segundo
HORARIO: martes 9-11; mércores: 10-11		
LINGUA EN QUE SE IMPARTE: galego		
PROFESOR/A/OS/AS (correo electrónico, teléf., url web, despacho, horario de titoría): <i>M^a do Carme García Rodríguez</i> Correo electrónico: fgcarme@usc.es Teléf.: (981) 563100 Ext. 11788 Despacho: Facultade de CC EE - Campus Norte - Departamento de Filoloxía Galega, 3º andar/Facultade de Filoloxía, despacho 108, 2º andar Horario de titorías: Luns: 12-13 horas (Fac. Ciencias da Educación) e de 17-20 horas (Fac. Filoloxía) Martes: 11-13 horas (Fac. Ciencias da Educación) e de 17 -20 horas (Fac. Filoloxía) <i>Blanca-Ana Roig Rechou</i> Correo electrónico: fgroig@usc.es Teléf.: (981) 563100 Ext. 12002 Despacho: Facultade de CC. EE. - Campus Norte - Departamento de Filoloxía Galega, 3º andar Horario de titorías: Luns: 12-13 horas Martes: 11-13 horas Mércores: 11-14 horas		
OBSERVACIÓNS: Esta materia está impartida por dúas profesoras, por tanto, Lingua galega (2,25 créditos) e Literatura galega (2,25 créditos). Titorías: o alumnado contan cun horario de atención, que figurará na porta do despacho para realizar calquera consulta sobre a materia. En casos excepcionais en que outras actividades académicas o impidan, o horario é de máxima dispoñibilidade. Ao remataren as clases os horarios de titorías variarán e publicitaranse oportunamente nas portas dos despachos respectivos.		

Datos específicos da materia

1. REQUISITOS PREVIOS:

Non se require ningún requisito previo específico dado que están marcados pola administración académica. Sería aconsellábel un coñecemento básico da lingua galega.

2. Desenvolvemento da experiencia

Avaliación da experiencia piloto de adaptación de materias ao crédito europeo na Facultade de Ciencias da Educación (2004-05, 2005-06)

2. CONTEXTUALIZACIÓN:

Encadre no plan de estudos:

Pola súa propia natureza, esta materia ten un importante grao de implicación directa ou indirectamente cunha boa parte das materias que o alumnado traballa no curso e deberá traballar en cursos posteriores. Esta interrelación é máis explícita con algunhas delas polo seu contido específico, de maneira concreta coas materias cursadas en relación coas linguas e literaturas doutros ámbitos lingüísticos, coa Didáctica da Lingua e Literatura, Didáctica da Expresión Plástica, Didáctica das Ciencias Sociais, Literatura Infantil, Textos literarios galegos e castelás, Literatura de Transmisión Oral e con Novas Tecnoloxías.

Dado que se trata dunha materia que quere:

- 1) afondar e ampliar a competencia oral e escrita do alumnado, repasando e sedimentando os coñecementos adquiridos ao longo dos anos de formación académica sobre lingua e literatura galegas
- 2) formar bos mediadores que sexan quen de potenciar as destrezas lingüísticas, a educación literaria, a lectora e a animación á lectura,

diríxese á formación de mestres participativos e críticos, capaces de desempeñar, ademais do seu perfil, outros como, por exemplo: coidadores de garderías, animadores culturais, bibliotecarios, guías turísticas, gabinetes de tradución, promoción cultural, mediadores en xeral, etc.

3. Competencias

Saber (coñecementos disciplinares)

- Coñecer e aplicar correctamente as normas ortográficas
- Saber distinguir as nocións de lingua e variedades lingüística
- Capacitalos para coñecer e distinguir os sons e os fonemas das variantes do galego
- Perfeccionar a súa competencia oral e escrita
- Adquirir e dominar as técnicas fundamentais de análise lingüística e literaria
- Coñecer a terminoloxía lingüística e literaria para a súa aplicación
- Coñecer de forma panorámica a Literatura Galega con especial atención á infantil e xuvenil
- Saber as características e as vicisitudes que definiron e que condicionaron estas literaturas
- Coñecer técnicas de animación lectora
- Recoñecer as obras e os autores máis salientables
- Dotalos de técnicas para comentar unha obra literaria e lingüística e para apreciar a súa calidade

Saber facer, saber estar e saber ser (competencias profesionais e persoais)

- Capacidade para comprender a complexidade dos procesos educativos, en xeral, e dos procesos de ensino-aprendizaxe
- Capacidade de análise e de síntese
- Capacidade de organización, de planificación, de xestión e de información
- Capacidade para o razoamento crítico e autocrítico
- Capacidade para a comunicación oral e escrita
- Capacidade para tomar decisións
- Capacidade para traballar en equipo e para colaborar con outras persoas
- Capacidade para a utilización de estratexias co obxectivo de deseñar programacións concretas

- Capacidade para familiarizarse no uso de técnicas e de recursos de ensino-aprendizaxe
- Capacidade para deseñar e confeccionar os seus propios materiais curriculares, quer por métodos clásicos quer coas novas tecnoloxías
- Capacidade para a consulta de bases de datos e para diferencialas da web
- Capacidade para recoñecer a diversidade, a multiculturalidade e o compromiso ético
- Capacidade para a creatividade
- Capacitalos como mediadores

4. Obxectivos

Xeral: reflexionar sobre a importancia da Lingua e Literatura galegas no contexto da socialización e do desenvolvemento das persoas:

1. Coñecer a lingua galega
2. Manexar a lingua galega en todos os seus rexistros
3. Reflexionar sobre a variación lingüística e particularmente sobre a variante estándar
4. Coñecer o desenvolvemento do sistema literario galego en comparación co sistema infantil e xuvenil
5. Coñecer os textos literarios e como se foron conformando
6. Formar cara á lectura comprensiva, analítica e profundizadora desde a capacitación literaria e lectora

Específicos: preparar o estudantado para afondar, cos instrumentos adecuados e cos métodos sistémicos e filolóxicos, no estudo da lingua e da literatura galega no decurso da historia e na análise e na interpretación dalgúns dos textos máis significativos e máis relacionados cos seus perfís profesionais. Todo isto coa finalidade de os formar lingüística e literariamente e de os animar á lectura para os converter en bos mediadores, comunicadores e lectores.

1. Afondar e ampliar a competencia oral e escrita do alumnado
2. Afondar naqueles aspectos fonéticos e fonolóxicos que poidan presentar máis dificultade
3. Fomentar a reflexión sobre as estruturas lingüísticas
4. Distinguir as perspectivas descritiva e prescritiva da gramática
5. Comprender o proceso de construción de enunciados
6. Repasar e sedimentar todo o aprendido ata o de agora sobre lingua e literatura galega. Afondar no seu coñecemento
7. Informar do desenvolvemento da Literatura Infantil e Xuvenil Galega
8. Fixar a atención nos feitos e nos autores máis importantes
9. Sensibilizar cara a unha literatura xerada, case sempre, nun clima de anormalidade e de marxinação
10. Reflexionar sobre a influencia da literatura no ensino da lingua. Comprensión e expresión escrita

5. Contidos

5.1. Lingua

TEMA 1. A LINGUA E A GRAMÁTICA (5 h)

Unidade e variedade da lingua galega

- Variación no tempo, variación xeográfica, social e contextual

2. Desenvolvemento da experiencia

Titulación de Educación Infantil.

As nocións de lingua e de variedade lingüística

- Lingua histórica
- Lingua funcional
- O estándar lingüístico galego

A gramática

- A gramática descritiva e a gramática prescritiva. Gramaticalidade e corrección lingüística
- As disciplinas da gramática: fonética, fonoloxía, morfoloxía, sintaxe e semántico

TEMA 2. FONÉTICA E FONOLOXÍA (5 h)

- División da fonética
- A fonética articulatoria
- A fonética acústica. O acento e a entoación
- Trazos fonolóxicos
- Alófonos e fonemas
- Fonemas e letras
- Os fonemas do galego común
- A sílaba

TEMA 3. MORFOLOXÍA (5 h)

- Xénero e número
- Determinación
- Adxectivación
- Tempo e modos verbais

TEMA 4. SINTAXE (5 h)

- Categorías e funcións
- Estructuras sintácticas
- A colocación dos clíticos persoais

TEMA 5. LÉXICO (2,50 h)

- Léxico patrimonial
- Léxico culto
- Terminoloxía e planificación léxica

5.2. Literatura

TEMA 1. A SOCIEDADE GALEGA NA ÉPOCA MEDIEVAL (2 h)

- Principais manifestacións poéticas, narrativas e teatrais
- Ausencia de literatura infantil e xuvenil

TEMA 2. OS SÉCULOS ESCUROS (2 h)

- Causas histórico-socio-políticas do esmorecemento da literatura galega entre os séculos XV e XVIII
- A prehistoria da literatura infantil e xuvenil

TEMA 3. O SÉCULO XIX. REXURDIMENTO (2 h)

- Manifestacións poéticas, teatrais e narrativas, novidades que presentan e repercusións na cultura galega
- Atoutiños da literatura infantil e xuvenil

TEMA 4. O SÉCULO XX (3 h)

- Repercusións político-culturais e renovación da literatura galega
- As vangardas poéticas
- Manifestacións narrativas e teatrais da Época Nós
- Primeiras manifestacións infantís e xuvenís

TEMA 5. A GUERRA CIVIL: OS NOVOS ANOS ESCUROS PARA A LITERATURA GALEGA E A SÚA REPERCUSIÓN (3 h)

- O exilio
- Os inicios da recuperación cultural
- Manifestacións poéticas, teatrais e narrativas (1950-1980)
- Os inicios da literatura infantil e xuvenil

TEMA 6. INNOVACIÓN E CONSOLIDACIÓN (1980-1995) (4 h)

- Manifestacións prosísticas, poéticas, dramáticas, ensaísticas e críticas
- Consolidación da literatura infantil e xuvenil.

TEMA 7. 1995 Á ACTUALIDADE (4 h)

- Innovación na literatura infantil e xuvenil

TEMA 8. INFLUENCIA DA LITERATURA NO ENSINO DA LINGUA (2,50)

- Comprensión e expresión oral e escrita

6. Bibliografía básica e complementaria

6.1. Lingua

Ares Vázquez, C. (1990): *Diccionario Xerais castelán-galego*. Vigo: Xerais.

Álvarez, R /X. **Xove** (2002): *Gramática da lingua galega*. Vigo: Galaxia.

Álvarez, R/ H. **Monteagudo**/ X.L. **Regueira** (1986): *Gramática Galega*. Vigo: Galaxia.

Fernández González, C. (dir.) (1997): *Diccionario esencial Vox galego-castelán castelán-galego*. Barcelona: Bibliograf.

Fernández Rei, Francisco (1990): *Dialectoloxía da lingua galega*. Santiago de Compostela: Xerais.

Real Academia Galega/Instituto da Lingua Galega (2003): *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. Vigo: Xerais/Galaxia/ ILG / RAG.

RAG (1997): *Diccionario da Real Academia Galega*. Vigo: Xerais/Galaxia.

Xove Ferreiro, X. (coord.) 2005: *Novo dicionario da lingua galega*. Vigo: Obradoiro.

2. Desenvolvemento da experiencia

Avaliación da experiencia piloto de adaptación de materias ao crédito europeo na Facultade de Ciencias da Educación (2004-05, 2005-06)

Titulación de Educación Infantil.

6.2. Literatura

Blanco, Domingo, *Historia da Literatura popular galega*, Santiago de Compostela: Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela.

Fernández Paz, Agustín, *A Literatura infantil e xuvenil en galego*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Roig Rechou, Blanca-Ana, *A poesía infantil e xuvenil galega*, Santiago de Compostela. Gáliz/Teófilo Piñeiro edicións, 2000.

Roig Rechou, Blanca-Ana, "Contexto", *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas, de Carlos Casares*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, IGAEM, 2004.

Roig Rechou, Blanca-Ana, "A literatura infantil e xuvenil", A Coruña: Hércules edicións, 2002

Tarrío Varela, Anxo, *Literatura gallega*, Madrid: Taurus, 1988

Tarrío Varela, Anxo, *Literatura galega (Aportacións a unha historia crítica)*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Vilavedra, Dolores, *Historia da literatura galega*, Vigo: Galaxia.

OUTRAS FONTES BIBLIOGRÁFICAS: historias literarias, monografías específicas, revistas, dicionarios, enciclopedias, repertorios bibliográficos, web, portais etc. daranse na clase e serán obxecto de comentarios, traballos e lecturas guiadas polo alumnado.

7. Metodoloxía do ensino

A proposta docente contempla que as aulas se desenvolverán combinando a exposición teórica coa realización de exercicios prácticos que axuden a comprender e fixar as explicacións teóricas e que achegue competencias que o leven a ser un bo profesional de acordo cos perfís indicados.

7.1. Lingua

Por medio de clases teóricas e prácticas realizaranse:

- Comentarios lingüísticos de textos (literarios, dialectais, xornalísticos, orais etc.)
- Exercicios orais en que practicar a fonética
- Exercicios puntuais que terá que realizar o alumnado fóra da aula e que serán corrixidos na clase
- **Algún traballo individual e/ou en grupo**
- **Unha proba ou exame (ao rematarmos a parte de lingua)**

7.2. Literatura

Por medio de clases maxistras e de prácticas co apoio das TICs tentaremos:

- Nas clase maxistras e nas teórico-prácticas: Un percorrido teórico polos movementos, as tendencias, as correntes, as escolas e os autores da literatura galega. Análise do contexto en que se produciron. Compararemos o desenvolvemento da literatura xeral co da Literatura Infan-

til e Xuvenil (LIX). Estudaremos detidamente a LIX, dada a ausencia como materia específica nos planos de estudo. Deterémonos nun grupo de obras, que serán de lectura obrigada, para as comentar. Nas clases prácticas realizaremos obradoiros de narrativa, de poesía, de teatro e de literatura de transmisión oral. Os textos pertencerán á LIX co obxectivo de formar literariamente e de ensinar técnicas de animación á lectura. Faranse comentarios descritivos sobre obras ou actos literarios para favorecer a capacidade de análise e de síntese

Por medio de traballos individuais ou en grupo

- Realizaranse comentarios descritivos sobre as obras ou os actos literarios que se lles entregarán na aula
- Lectura e descrición de obras que se lles entregarán na aula

Unha proba ou exame (ao rematarmos a parte de literatura)

8. Sistema de avaliación

O alumnado será avaliado, quer en lingua quer en literatura, por:

1. Dous exames teórico-prácticos en que terán que demostrar que coñecen o programa:
 - un parcial de lingua e outro de literatura que se realizarán ao rematar a parte correspondente do programa. Dada a súa voluntariedade, este exame non poderá ser revisado polo alumnado coa finalidade de que sexa el propio quen se avalíe, unha avaliación que pode coincidir coa da profesora ou non. Por esta razón consérvase a nota do exame parcial e pode presentarse ao final para cambiar a nota cara a arriba, sempre para mellor, pois consérvase a nota do parcial. No mes de xullo poden revisarse todos os exames.
 - un final que se realizará na data que marque o centro.**4 puntos**
2. Actividades para realizar:
 - traballos (lingua oral e escrita) e exercicios puntuais
 - comentarios das obras de lectura obrigatoria, da bibliografía que se lles mande ler ou daqueles traballos encomendados**4 puntos**
3. Participación na clase e valoración do aproveitamento a través de exames e de traballos
2 puntos

A **NOTA FINAL** é o resultado da suma das notas adquiridas en cada parte, unha vez que esa parte foi aprobada, caso contrario, non se pode realizar a suma, é dicir, non son compensatorios.

Para o alumnado que, por circunstancias persoais, non poida asistir sistematicamente ás aulas, a súa avaliación realizárase a partir do punto 1 e do 2.

2. Desenvolvemento da experiencia

9. Atribución da carga en ect. tempo de estudo e traballo persoal que debe dedicar un estudante para superala

Esta materia consta oficialmente de 4,5 créditos (3 teóricos e 1,5 prácticos).

Comportaría 121,5 (ECTS) horas de traballo total por parte do alumnado

10. Recomendacións para o estudo da materia e esixencias

- Asistencia e participación en clase e en obradoiros
- Estudo diario
- Consulta bibliográficas básicas
- Realizar as lecturas obrigadas e os exercicios que se marquen
- Pasar polas titorías para resolver problemas e calquera dúbida relacionada coa materia
- Dedicar un tempo semanal ao traballo en grupo
- Non esperar a preparar a materia a finais de curso

Actividades	Horas presenciais	Factor ¹	Horas traballo autónomo	Total
Clases teórico/prácticas	39	1	39 (estudo)	78
Traballos	5	6	30 (traballos)	35
Titorías	2	0,5	1	3
Exames	2	1	2	4
Revisión exames	1	0,5	0,5	1,5
Total	49		72,5	121,5

1. O "Factor" refírese o número de horas "non presenciais" que ten que dedicar o alumno por cada hora de traballo presencial.

CRONOGRAMA

LINGUA (do 21 de febreiro ao 25 de abril)

febreiro	marzo	abril	maio	xuño
21 Presentación (9 h: lingua, 10 h: literatura)	1 CT	4 CT/CP		23 Exame final
22 CT	7 CT/CP	5 EXER		
	8 EXER	18 CT/CP		
	14 CT/CP	19 CP		
	15 SEM	25 Exame parcial		
	21 CT/CP			
	22 EXER			
	28 CT/CP			
	29 SEM			

LITERATURA (do 26 de abril ao 9 de xuño)

Ademais da presentación realizada o día 21 de febreiro, en que se explica como se vai levar a cabo o curso e o tipo de avaliación, todos os días na clase presencial se desenvolve o programa de contidos e a práctica correspondente. Unha vez rematado o programa faise un obradoiro que ben a ser o resumo das clases anteriores e a exposición dun traballo que segue a mesma liña. O 6 de xuño realizarase o exame parcial e o 23 o final.

2. Desenvolvemento da experiencia

Avaliación da experiencia piloto de adaptación de materias ao crédito europeo na Facultade de Ciencias da Educación (2004-05, 2005-06)

2.1.4. GUÍA DOCENTE DA MATERIA INTRODUCCIÓN AO COÑECEMENTO MATEMÁTICO

PROFESORA: *Cristina Conde Pintos*

1. As materias que serán obxecto de adaptación ós criterios ECTS son:

Introdución ó coñecemento matemático de 1º de PRIMARIA (código 109)

Introdución ó coñecemento matemático de 1º de INFANTIL (código 105).

2. Datos das disciplinas.

Departamento: Matemáticas

Sinatura: Obrigatoria da Universidade

Profesora: M. Cristina Conde

Curso académico : 2005-2006

Horas : presenciais 40 horas

Traballo individual : 10 horas

Traballo en grupo: 10 horas

Horas non presenciais 20 horas.

3. Descritores

Principios e conceptos básicos da matemática

4. Sentido da materia no perfil do mestre especialista en Educación Infantil e Primaria.

As matemáticas son imprescindíbeis na vida cotiá e como tal deben estudarse neses cursos para o desenvolvemento da súa labor docente.

Estúdanse relacionándoas con outras áreas, sobre todo en Infantil, relaciónanse principalmente coa Lingua e a Educación Física.

Esta materia xoga un papel moi importante na formación de mestres para que eles podan inculcarlles aos nenos unhas ideas sobre a utilidade das matemáticas na súa vida cotiá. Son esenciais na súa formación para que podan desenvolver o currículo de educación Infantil e Primaria.

4. Prerequisitos para estudar a materia.

Ningún en Educación Infantil, non así en Educación Primaria onde sería conveniente que trouxeran uns estudos básicos do bacharelato.

2. Desenvolvemento da experiencia

Avaliación da experiencia piloto de adaptación de materias ao crédito europeo na Facultade de Ciencias da Educación (2004-05, 2005-06)

5. Competencias xenéricas

Capacidade de análise e de síntese
 Capacidade de aplicar o coñecemento na practica
 Capacidade de razoamento
 Capacidade de comunicación interpersonal
 Capacidade de traballar en equipo
 Capacidade innovadora.

6. Competencias específicas.

Saber ensinar
 Saber avaliar
 Saber utilizar o xogo como recurso didáctico (Infantil 9)
 Saber colaborar cos compañeiros
 Saber analizar os problemas plantexados na vida a cotío
 Saber o uso das novas tecnoloxías aplicadas a esa materia

7. Obxectivos

Coñecer as principais cuestións matemáticas para a valoración das matemáticas e súa incidencia na vida diaria

Espertar o interese dos alumnos pola materia a través da observación directa e o coñecemento das claves da materia para desenvolver a ensinanza dela mais adiante.

Potenciar a capacidade crítica dos alumnos a través da manipulación dos conceptos matemáticos.

8. A avaliación

Seguiremos a liña de formación que se centra na aprendizaxe do estudante, a avaliación deberase centrar en todo o proceso de ensino-aprendizaxe. A avaliación do profesorado será continua e terá un carácter formativo.

A avaliación constará de dúas partes:

Unha que será de traballos propostos aos alumnos e terá unha valoración do 40% e outro que será o exame na data aprobada pola XUNTA de FACULTADE.

Este exame constará de unha proba que recolla os contidos teóricos dados na aula valerá o 60% da cualificacións.

9. Método docente

A metodoloxía porá moito énfase na aprendizaxe autónoma do alumno, a metodoloxía será participativa e colaborará para descubrir por se mesmo os conceptos, hipóteses e demostracións que houbera ao longo do curso. Así o alumno poderá descubrir os seus propios coñecementos e tamén aprenderá a ensinalos.

Ao longo do curso utilizaranse as modalidades seguintes:

Sesións presenciais
 Traballos individuais

Traballos en grupo
Titorías

Os grupos farán unhas leituras ao longo do primeiro trimestre e comentaranse en titorías (cada grupo terá unha titoría cada dous meses; a menos alumnos mais titorías).

Durante as sesións presenciais se desenvolverá o programa, nas horas de prácticas faranse exercicios e problemas.

Os traballos individuais faranse durante os meses de Febreiro e Marzo e expoñeranse entre Abril e Maio.

10. Temario

Programa de la asignatura: 1º de Infantil

Tema 1.- Conxuntos, retículos e álgebra de Boole

Tema 2.- Circuitos. Álgebra de circuitos

Tema 3.- Álgebra de proposicións

Tema 4.- Breve estudio de as aplicacións e das estruturas alxébricas.

Tema 5.- Explicación dos conceptos anteriores a nenos de Infantil

Tema 6.- Números Naturais e sistemas de numeración

Tema 7.- Introducción á Estatística. Aplicación á educación Infantil.

Programa de 1º de Primaria

Tema 1.- Conxuntos, operacións con conxuntos, Retículos y Álgebra de Boole.

Tema 2.- Circuitos, Álgebra de circuitos

Tema 3.- Relacións de equivalencia e de orden

Tema 4.- Aplicacións

Tema 5.- Estructuras Alxébricas

Tema 6.- Os números Naturais

Tema 7.- Sistemas de numeración

Tema 8.- Os números Enteiros e Racionais

Tema 9.- Nocións de Xeometría

Tema 10.- Introducción a Estatística aplicada a Educación Primaria

BIBLIOGRAFÍA BÁSICA:

Corbalán, F (1995) "La matemática aplicada a la vida cotidiana" (Grao: Barcelona)

Coquillat, F.-(1991) "Estatística descriptiva, metodología y calculo "(Tebar Flores: Al-bacete)

Hortalá, Mª Teresa e outros (1998) "Matemática discreta y lógica matemática" (Complu-tense, SA: Madrid)

Nortes Checa, A (1983) "Matemáticas para magisterio 1 " (Tema: Murcia)

Orton, A (1990) "Didáctica de las matemáticas" (Morata/MEC: Madrid)

Villa, A da (1991) "Problemas de Algebra" (Madrid)

Á fin de cada tema, darase unha bibliografía específica.

2. Desenvolvemento da experiencia

Avaliación da experiencia piloto de adaptación de materias ao crédito europeo na Facultade de Ciencias da Educación (2004-05, 2005-06)

2.1.5. GUÍA DOCENTE DA MATERIA DESENVOLVEMENTO PSICOMOTOR

PROFESOR: F. Javier García Núñez

Datos administrativos da universidade. IDENTIFICACIÓN DA MATERIA

Código da materia	105111102
Nome da materia	Desenvolvemento psicomotor
Centro/titulación	Fac. de Ciencias da Educación (Ou) Mestre/a de Educación Infantil
Curso	1º
Tipo	troncal
Créditos aula/grupo (A)	4,5 (3,5 créditos ECTS)
Créditos laboratorio/grupo (L)	0
Créditos prácticas/grupo (P)	1,5 (1,5 créditos ECTS)
Número grupos aula	1
Número grupos laboratorio	0
Número grupos prácticas	3
Anual/cuadrimestral	cuadrimestral
Departamento	Didácticas Especiais (X 05)
Área de coñecemento	Didáctica da Expresión Corporal

Datos do departamento. PROFESORADO DA MATERIA (segundo POD):

Nome dos profesores	Código	Créditos	Titorías
F. Javier García Núñez	0241	4,5 A (un grupo)	Despacho 1-2-2. Tfno. 988-387173 Enderezo electrónico: fjavier@uvigo.es Horario primeiro cuadrimestre:
Vicente Romo Pérez	1547	1,5 P (3 grupos prácticos)	Despacho 7, 3º andar (edif. 1) Tfno. 988387302 / Fax 988387159 Enderezo electrónico: vicente@uvigo.es Horario primeiro cuadrimestre:

A: aula. L: laboratorio. P: práctico.

Lugar e horarios de materias (1º cuadrimestre). TEORÍA

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
9-10					
10-11					
11-12					
13-14					

2. Desenvolvemento da experiencia

Avaliación da experiencia piloto de adaptación de materias ao crédito europeo na Facultade de Ciencias da Educación (2004-05, 2005-06)

Lugar e horarios de materias (1º cuadrimestre). PRÁCTICAS

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
9-10					
10-11					
11-12					
13-14					

Día, hora e lugar dos exames:

Xuño

Setembro

Tribunais de exames:

PROGRAMA DA MATERIA**1. Contextualización****1.1. Perfil dos créditos da materia**

O perfil adecúase, concretamente nesta Facultade, ao desenvolvemento das capacidades do alumnado para a análise das competencias necesarias para coñecer os procesos de desenvolvemento físico do neno/a e á súa capacidade para aprender tarefas motoras.

O coñecemento do desenvolvemento motor do neno/a, así como o deseño de actividades e de estratexias destinadas a promovelos, son achegas que, desde esta materia, se realizan ao perfil dos mestres/as de Educación Infantil. A súa adecuación ao perfil da titulación vén dada pola necesidade de coñecementos que teñen os docentes dese ciclo sobre a actividade física na infancia, a súa evolución e as actividades que axudan na súa aprendizaxe.

1.2. Situación e relación con outras materias do plano de estudos

Desenvolvemento Psicomotor, co código 105111102, é unha materia de carácter troncal e de 6.0 créditos, dos cales 4,5 son teóricos e 1,5 prácticos; impártese durante o primeiro cuadrimestre no 1º curso da diplomatura de Mestre/a de Educación Infantil.

Está directamente relacionada coas materias desta área, Educación Física na Educación Infantil e a súa Didáctica, obrigatoria de universidade con 4.5 créditos e de 2º curso, e con O xogo nas actividades físicas organizadas, materia opcional de 6.0 créditos. Tamén se considera relacionada coas materias de carácter xeral que se vinculan ás áreas de Didáctica Xeral, Socioloxía da Educación, Psicoloxía Evolutiva e da Educación, así como coas materias das didácticas especiais da especialidade para formular os aspectos globais na programación.

2. Obxectivos

2.1. Obxectivos xerais

Traballar en grupo. O futuro mestre/a debe aprender a traballar en equipo xa que lle vai ser imprescindible no seu traballo na escola. Exercitarase na redacción de documentos de síntese, na realización de programacións etc. Iso implica un traballo previo individual, unha organización do grupo, unha repartición de tarefas e unha discusión de conxunto. Cada tema do programa trabállase de forma individual e colectiva.

Participar na clase. Consideramos importante a formulación da faceta da actitude do futuro mestre/a ante as clases; os criterios como participación, responsabilidade, autoexistencia, investigación, serán obxectivos fundamentais.

Reflexionar sobre as actividades e condutas do neno/a, fundamentalmente as motoras, sobre cales son as funcións de base que as sustenta, sobre como estas actividades estimulan o desenvolvemento das devanditas funcións; e as relacións afectivo-sociais que permiten a adecuación ao momento evolutivo. A análise debe levarnos a decidir a importancia das actividades físicas e como estimularán os nenos/as para incidir positivamente no desenvolvemento e en que etapa do programa escolar se deben integrar.

Educación dos medios expresivos, gráficos, verbais e corporais, a través de actividades motoras e funcionais.

Coñecer, analizar e aplicar as habilidades e as destrezas básicas, así como o seu posible desenvolvemento.

Estudar as posibilidades nos desprazamentos como carreira, salto, marcha, cuadrupedia etc. Exercicios de aplicación.

Estudar as habilidades motoras básicas. Lanzamentos e recepcións. Destreza de mans. Estudar a coordinación dinámica xeral. Golpes, pinchacarneiros, xiros etc. (axilidade). Equilibrios. Posibilidades de realización de exercicios. A súa aplicación.

Coñecer e analizar a aptitude para manexar factores espaciais.

Facer comprender a importancia da orientación e da estruturación espazo-temporal.

Analizar e empregar exercicios de orientación de apreciación de distancias, traxectorias, velocidades etc.

Comprender as bases teóricas de cada un dos contidos do desenvolvemento psicomotor.

Coñecer e analizar os diferentes enfoques a partir dos cales se estuda o desenvolvemento motor.

Relacionar a teoría e a práctica, para integrar e para aplicar os coñecementos teóricos na práctica docente.

Ser quen de identificar, de clasificar e de elaborar unhas tarefas axeitadas a cada un dos contidos estudados.

Utilizar unha bibliografía rica e variada con que poidan ampliar e enriquecer os seus coñecementos.

Aprender a utilizar a información extraída da bibliografía e as referencias consultadas, respectando a propiedade intelectual.

2. Desenvolvemento da experiencia

Titulación de Educación Infantil.

Potenciar a creatividade, poñendo en práctica os coñecementos teórico- prácticos adquiridos no proceso de ensino-aprendizaxe.

Participar e implicarse no proceso de ensino-aprendizaxe, ao analizar os coñecementos, ao expoñer as súas ideas, ao propoñer cambios, ao avaliar o proceso etc.

Aprender coa conciencia de que van ser futuros docentes.

Valorar os contidos da materia como un dos coñecementos fundamentais que deberán aplicar no seu futuro profesional, espertando nelas/es a curiosidade e o interese, suscitando a necesidade de seguir aprofundando e renovando os coñecementos durante o curso.

2.2. Competencias académicas e profesionais

2.2.1. Competencias conceptuais (saber)

Coñecemento dos fundamentos da motricidade nas primeiras idades.

Capacidade de relacionar a teoría e a práctica empregando recursos axeitados e variados para levar a cabo unha educación física de base de calidade.

Coñecemento dos aspectos da educación motora e as súas aplicacións.

Capacidade para acometer o deseño e a organización de tarefas destinadas á mellora das capacidades motoras dos nenos/as.

2.2.2. Competencias persoais (saber ser/estar)

Habilidade para traballar de forma autónoma e para construír a súa propia aprendizaxe.

Actitude reflexiva e crítica cos contidos da educación motora.

Capacidade de comunicación interpersonal (traballo de grupo). Compromiso co traballo colaborativo.

Asunción de responsabilidades.

Recoñecemento da diversidade e da interculturalidade.

Capacidade para promover valores e actitudes en relación co corpo e coa súa motricidade.

Capacidade de análise e de síntese en relación coa materia.

2.2.3. Competencias instrumentais (saber facer)

Deseñar actividades de motricidade para as primeiras idades.

Ser capaces de avaliar as competencias motoras dos nenos/as.

Buscar información e recursos de actuación ante as dificultades de movemento dos nenos/as.

Deseñar e realizar traballos escritos organizados e fundamentados, tanto individualmente como en pequeno grupo.

3. Prerrequisitos

Ningún.

4. Bloques e temas de contido

4.1. Descritores da materia

Actividades psicomotoras. Dominio do esquema corporal. Métodos e actividades de ensino en educación física infantil. Son, en concreto, os descritores da materia Desenvolvemento Psicomotor que aparecen no plano de estudos.

4.2. Bloques de contidos de aprendizaxe. Estrutura.

1. Ámbito teórico do desenvolvemento motor
2. Procesos de aplicación práctica

4.3. Contido (o contido do programa pode sufrir algunhas variacións atendendo a circunstancias non previsibles)

TEMA 1: A EDUCACIÓN PSICOMOTRIZ E SENSORIOMOTRIZ. CONCEPTO, ORIXES E TRANSCENDENCIA EDUCATIVA

1. Concepto de educación psicomotriz
2. Obxectivos da educación psicomotriz
3. Acción educativa
4. Orixe da educación psicomotriz
 - 4.1. Wallon (unidade funcional, desenvolvemento, relación entre trastornos psicomotores e trastornos do comportamento)
 - 4.2. Outros (psicanálises, Ajuriaguerra, Gessell, Dupre e Guilmain)

TEMA 2: TENDENCIAS ACTUAIS NA EDUCACIÓN PSICOMOTORA

1. A aproximación psiquiátrica e neuropsiquiátrica (Ajuriaguerra)
2. A aproximación psicopedagóxica (Picq e Vayer)
3. Aproximación científica: o método psicocinético de J. Le Boulch
4. A educación vivenciada de A. Lapierre e B. Aucouturier
5. Educación psicomotora nos países anglófonos
 - 5.1. O modelo perceptivo-motor de Cratty
 - 5.2. O método de Delacato
 - 5.3. O método de educación perceptivo-motórica de Kephart
6. Educación psicomotriz e educación física de base

TEMA 3: O ESQUEMA CORPORAL

1. O esquema corporal

2. Desenvolvemento da experiencia

- 1.1. Toma de conciencia e representación
 - 1.1.1. Evolución da imaxe corporal
 - 1.1.2. Programa educativo básico
- 1.2. Organización do esquema corporal
 - 1.2.1. Percepción e control do propio corpo
 - 1.2.2. Control postural e equilibrio
 - 1.2.3. Control respiratorio
2. Afirmación da lateralidade e orientación do esquema corporal
 - 2.1. Evolución do proceso de lateralización
 - 2.2. Exercitación do predominio lateral e orientación do esquema corporal
3. Actividades e metodoloxía de aplicación

TEMA 4: DESENVOLVEMENTO DE HABILIDADES PERCEPTIVAS A TRAVÉS DAS TAREFAS MOTORAS HABITUAIS

1. As tarefas motoras habituais
2. Os aspectos perceptivos
3. Percepción dun propio
 - 3.1. Aspectos funcionais. Carácter global e segmentario
 - 3.2. Aspectos estruturais. Carácter global e segmentario
4. Percepción do ámbito
 - 4.1. Aspectos funcionais (utilización do espazo-tempo)
 - 4.2. Aspectos estruturais (posibilidades de situación do contorno en relación a nós no espazo e no tempo. Posibilidades do estado do ámbito: fixo, estable e cambiante)
 - 4.3. Aspectos temporais: duración de sucesos, precisión de sucesos e reiteración de sucesos
 - 4.4. Aspectos espazo-temporais: velocidade e aceleración
5. Actividades e metodoloxía de aplicación

TEMA 5: DESENVOLVEMENTO DAS HABILIDADES E DAS DESTREZAS BÁSICAS

1. Concepto de habilidades motoras básicas
 - 1.1. Estadios no desenvolvemento das habilidades motoras
2. Desprazamentos
 - 2.1. Concepto

- 2.2. Factores que hai que considerar nun programa educativo para o desenvolvemento dos desprazamentos
- 2.3. Aspectos dos desprazamentos
- 2.4. Factores que interveñen nos desprazamentos
- 3. Saltos
 - 3.1. Concepto
 - 3.2. Partes do salto e a súa utilización didáctica
 - 3.3. Factores que interveñen nos saltos
- 4. Xiros
 - 4.1. Concepto
 - 4.2. Clasificación dos xiros
 - 4.3. Factores que interveñen nos xiros
- 5. Lanzamentos e recepcións
 - 5.1. Concepto
 - 5.2. Clasificación dos lanzamentos e das recepcións
 - 5.3. Factores que interveñen
- 6. A coordinación motora xeral
 - 6.1. Concepto
 - 6.2. Evolución no neno/a
- 7. A coordinación segmentaria
 - 7.1. Coordinación óculo-manual
 - 7.2. Coordinación óculo-pédica
- 8. Actividades e metodoloxía de aplicación

TEMA 6: O NENO/A E A EXPRESIÓN CORPORAL

- 1. O corpo e o movemento como medios de expresión
- 2. A expresión corporal e os seus elementos básicos
 - 2.1. A linguaxe corporal e o xesto
 - 2.2. Elementos cualitativos do movemento: o espazo e o tempo
 - 2.3. Actividades de expresión corporal: expresión corporal. Danza. Mimo. Expresión dramática
- 3. Ritmo e movemento

2. Desenvolvemento da experiencia

3.1. Consideracións teóricas

3.2. Influencia do ritmo na realización de tarefas motoras

4 Actividades e metodoloxía de aplicación

5. Metodoloxía e estratexias de aprendizaxe

En cada bloque temático distinguiremos didacticamente estes tres grandes aspectos:

Metodoloxía expositiva

Metodoloxía activa, por grupos

Metodoloxía activa, individual

En todo caso, a metodoloxía e os medios didácticos que se van empregar facilitarán a construción de núcleos conceptuais e de redes semánticas, para favorecer a aprendizaxe significativa. Gran parte dos cadros sinópticos e dos gráficos do noso programa docente posúen unha dimensión claramente dirixida a influír metodoloxicamente.

- Actividades

Supón relacionar en cada bloque temático algunhas actividades posibles, que son propostas ao noso alumnado, en función das súas características e que lle serve para afondar o tema.

- Lecturas recomendadas

Da bibliografía que aparece no noso programa recomendaremos aquelas obras que resulten máis útiles e máis próximas aos nosos alumnos/as para afondar nun bloque temático ou en determinados aspectos deste.

Ao longo do curso utilizaranse as seguintes modalidades formativas:

- sesións presenciais
- traballo autónomo
- traballos dirixidos
- titorías

5.1. Metodoloxía docente para os créditos teóricos

Exposicións do profesor sobre conceptos básicos da materia.

Debates en pequeno ou en gran grupo sobre aspectos teóricos da materia.

Realización de traballos individuais e colectivos.

Procura e elaboración de materiais seleccionados e axustados aos diferentes temas.

Promoción nos estudantes dunha metodoloxía de investigación en que se formulen preguntas e se realicen procuras de información utilizando diversas fontes para responder a estas.

Realización de seminarios temáticos.

Tutorización individualizada ou en grupo para a aprendizaxe.

5.2. Metodoloxía docente para os créditos prácticos

Presentación, por parte do profesor, das prácticas que se van realizar, e orientación do seu desenvolvemento.

Realizacións de actividades prácticas e en equipo coordinadas polo profesor.

Análise didáctica dos elementos que compoñen as diferentes prácticas motoras.

Exposición e debate en grupo dos contidos e dos resultados da práctica realizada.

Elaboración do correspondente traballo para á súa posterior avaliación.

5.3. Estratexias de aprendizaxe.

Orientacións ao alumnado (as estratexias e as orientacións poden sufrir algunhas variacións que atendan a circunstancias non previstas)

- Procura de fontes bibliográficas e documentais. Manexo dos fondos da biblioteca e procuras por internet
- Debates na aula
- Actividades de diverso tipo, individuais e en grupo, realizadas na aula
- Exposición de traballos en grupo en clases prácticas
- Elaboración individual de traballos sobre lecturas de textos que se relacionen coa motricidade infantil

6. Plano de traballo do alumnado. Especificación do tempo de aprendizaxe aproximada

(O plano de traballo pode sufrir algunhas variacións que atendan a circunstancias non previstas)

Actividades	Clases presenciais	Traballo autónomo e colaborativo	Total horas alumna/o
Actividades organizativas e de avaliación inicial	4	0	4
Clases maxistras	21	32	53
Actividades aula individuais ou en grupo	5	0	5
Elaboración de traballos individuais ou en grupo	5	29	34
Clases prácticas	15	10,5	25,5
Exame	2	0	2

2. Desenvolvemento da experiencia

Avaliación da experiencia piloto de adaptación de materias ao crédito europeo na Facultade de Ciencias da Educación (2004-05, 2005-06)

ADAPTACIÓN DE MATERIAS AO CRÉDITO EUROPEO
Titulación de Educación Infantil.

Actividades	Clases presenciais	Traballo autónomo e colaborativo	Total horas alumna/o
Titorizacións do profesor dos traballos dos alumnos/as	0 (8 horas do profesor cos distintos grupos)	1,5	1,5
Total	52	73	125

Ademais as seis horas semanais de dedicación do profesor a titorías de asesoramento individual e grupal.

Cronograma aproximado das clases teóricas:

Temas	Tempo de aprendizaxe en horas			
	Clases maxistras	Actividades aula	Traballo autónomo ou en grupo	Horas totais
1. A educación psicomotriz e sensoriomotriz: concepto, orixes e transcendencia educativa	3	1	4,5	8,5
2. Tendencias actuais na educación psicomotora	3	1	4,5	8,5
3. O esquema corporal	4	2	6	12
4. Desenvolvemento de habilidades perceptivas a través de tarefas motoras habituais	4	2	6	12
5. Desenvolvemento das habilidades e destrezas básicas	4	2	6	12
6. O neno/a e a expresión corporal	3	2	4,5	9,5
Total	21	10	31,5	62,5

	Temática	Actividades	Materiais	Actividades aula	Traballo autónomo ou en grupo
1	Equilibrio	Exemplos de aplicacións na idade infantil	Propios dunha aula de motricidade infantil	2 horas	1,5
2	Percepción do espazo	Exemplos de aplicacións na idade infantil	Propios dunha aula de motricidade infantil	2 horas	1,5

3	Esquema corporal	Exemplos de aplicacións na idade infantil	Propios dunha aula de motricidade infantil	2 horas	1,5
4	Coñecemento do campo de acción	Exemplos de aplicacións na idade infantil	Propios dunha aula de motricidade infantil	2 horas	1,5
5	Orientación e estruturación espacial	Exemplos de aplicacións na idade infantil	Propios dunha aula de motricidade infantil	2 horas	1,5
6	Orientación e estruturación temporal	Exemplos de aplicacións na idade infantil	Propios dunha aula de motricidade infantil	2 horas	1,5
7	Relaxación	Exemplos de aplicacións na idade infantil	Propios dunha aula de motricidade infantil	3 horas	1,5
Total				15 horas	10,5

Cronograma aproximado das clases prácticas:

(o plano de prácticas pode sufrir algunhas variacións que atendan a circunstancias non previsibles)

O estudantado realizará un caderno de prácticas, que entregará o día do exame.

7. Bibliografía e materiais

7.1. Básica

Arnáiz Sánchez, Pilar; Rabadán Martínez, Marta e Vives Peñalver, Iolanda (2001). *La psicomotricidad en la escuela: una práctica preventiva y educativa*. Archidona: Ediciones Aljibe.

Bottini, Pablo (comp.) (2000). *Psicomotricidad, prácticas y conceptos*. Madrid: Miño y Dávila Editores.

Comellas, María Jesús e Perpinyà i Torregrosa, Anna (2003). *Psicomotricidad en la Educación Infantil: recursos pedagógicos*. Barcelona: Grupo Editorial CEAC, SA.

Cratty, Bryant J., e outros (2003). *Desarrollo perceptual y motor en los niños*. Barcelona: Ediciones Paidós Ibérica, SA.

Gil Madrona, Pedro e Mendiara Rivas, Javier (2004). *La psicomotricidad: evolución, corrientes y tendencias actuales*. Sevilla: Editorial Wanceulen.

Granda Vera, J. e Alemany Arrebola, I. (2002). *Manual de aprendizaje y desarrollo motor: una perspectiva educativa*. Barcelona: Ediciones Paidós Ibérica, SA.

Pastor Pradillo, J. L. (2002). *Fundamentación conceptual para una intervención psicomotriz en educación física*. Barcelona: INDE Publicaciones.

2. Desenvolvemento da experiencia

Avaliación da experiencia piloto de adaptación de materias ao crédito europeo na Facultade de Ciencias da Educación (2004-05, 2005-06)

7.2. Complementaria

Boulch Le, J. (1979). *La educación por el movimiento*. Bos Aires: Ed. Paidós.

Jiménez Ortega, José e Jiménez Ortega, Isabel (2003). *Psicomotricidad. Teoría y programación*. Barcelona: CISSPRAXIS, SA.

Boulch, J. Le (1983). *Desarrollo Psicomotor del nacimiento a los seis años*. Madrid: Doñate.

Massion, Jean (trad. Pujol i Foyo, María Àngels) (2000). *Cerebro y motricidad*. Barcelona: INDE Publicaciones.

RUIZ, L. M. (1985). *Crecimiento físico y aprendizaje motor*. Madrid: INEF.

Trigo Aza, Eugenia e Piñera Cuesta, Sofía de la (2000). *Manifestaciones de la motricidad*. Barcelona: INDE Publicaciones.

7.3. Xeral

Arnáiz Sánchez, Pilar; Rabadán Martínez, Marta e Vives Peñalver, Iolanda (2001). *La psicomotricidad en la escuela: una práctica preventiva y educativa*. Archidona: Ediciones Aljibe.

Bottini, Pablo, comp. (2000). *Psicomotricidad, prácticas y conceptos*. Madrid: Miño y Dávila Editores.

Boulch Le, J. (1979). *La educación por el movimiento*. Bos Aires: Ed. Paidós.

Cabrera Suárez, D. e Ruiz Llamas, G. (2002). *Educación física y su didáctica*. Las Palmas de Gran Canaria: Universidade de Las Palmas de Gran Canaria. Servicio de Publicaciones y Producción Documental.

Comellas, María Jesús e Perpinyà i Torregrosa, Anna (2003). *Psicomotricidad en la Educación Infantil: recursos pedagógicos*. Barcelona: Grupo Editorial CEAC, SA.

Cratty, Bryant J., e outros (2003). *Desarrollo perceptual y motor en los niños*. Barcelona: Ediciones Paidós Ibérica, SA.

Durand, R. (1986). *La relajación*. Barcelona: Paidotribo.

Gassier, J. (1983). *Manual del desarrollo Psicomotor del niño*. Barcelona: Toray-Masson.

Gazzano, E. (1982). *Educación psicomotriz*. Madrid: Cincel.

Gil Madrona, Pedro e Mendiara Rivas, Javier (2004). *La psicomotricidad: evolución, corrientes y tendencias actuales*. Sevilla: Editorial Wanceulen.

Gil Madrona, Pedro (2003). *Desarrollo psicomotor en Educación Infantil de 0 a 6 años*. Sevilla: Editorial Wanceulen.

Gil Madrona, Pedro (2003). *Diseño y desarrollo curricular en Educación Infantil y Educación Física*. Sevilla: Editorial Wanceulen.

Granda Vera, J. e Alemany Arrebola, I. (2002). *Manual de aprendizaje y desarrollo motor: una perspectiva educativa*. Barcelona: Ediciones Paidós Ibérica, S.A.

- Guilmain, E. e Guilmain, G. (1981). *Evolución psicomotriz desde el nacimiento hasta los 12 años*. Barcelona: Médica y Técnica.
- Jiménez Ortega, José e Jiménez Ortega, Isabel (2003). *Psicomotricidad. Teoría y programación*. Barcelona: CISSPRAXIS, SA.
- Justo Martínez, Eduardo (2001). *Desarrollo psicomotor en educación infantil. Bases para la intervención en psicomotricidad*. La Cañada de San Urbano: Universidade de Almería. Servicio de Publicaciones.
- Kappelmayer, e Menegazzo. (1984). *Materiales para la ejercitación psicomotora en el Jardín de Infantes*. Bos Aires: Ed. Latina.
- Koupernik, C. (1980). *Desarrollo Psicomotor de la primera infancia*. Barcelona: Planeta.
- Lagrange, G. (1978). *Educación Psicomotriz*. Barcelona: Fontanella.
- Lapierre, A. e Acouturier, B. (1975). *Los Matices*. Barcelona: Ed. Científico Médica.
- Lapierre, A. e Acouturier, B. (1977). *Simbología del Movimiento*. Barcelona: Ed. Científico Médica.
- Lapierre, A. e Acouturier, B. (1980). *El cuerpo y el inconsciente en educación y terapia*. Barcelona: Científico-Médica.
- Lapierre, A. e Acouturier, B. (1985). *Los Contrastes*. Barcelona: Ed. Científico Médica.
- Lapierre, A. (1978). *La reeducación física*. Barcelona: Científica-Médica.
- Boulch, J. Le (1983). *Desarrollo Psicomotor del nacimiento a los seis años*. Madrid: Doñate.
- Boulch, J. Le (1987). *La educación psicomotriz en la escuela primaria*. Barcelona: Paidós.
- López Pastor, V. M.; Monjas Aguado, R. e Pérez Brunicardi, D. (2003). *Buscando alternativas a la forma de entender y practicar la educación física escolar*. Barcelona: INDE Publicaciones.
- Loudes, J. (1978). *Educación psicomotriz y actividades físicas*. Barcelona: Científico - Médica.
- Maigre, A. e Destrooper, J. (1984). *La educación psicomotriz*. Madrid: Morata.
- Massion, Jean (trad. Pujol i Foyo, Maria Àngels) (2000). *Cerebro y motricidad*. Barcelona: INDE Publicaciones.
- OÑA, A. (1987): *Desarrollo y Motricidad*. Granada: INEF.
- Pastor Pradillo, J. L. (2002). *Fundamentación conceptual para una intervención psicomotriz en educación física*. Barcelona: INDE Publicaciones.
- Rigal, R. e outros (1979). *Motricidad; aproximación psicofisiológica*. Madrid: Pila Teleña.
- Ríos Hernández, M. (2003). *Manual de educación física adaptada al alumnado con discapacidad*. Barcelona: Editorial Paidotribo, SL.
- Rossell, G. (1979). *Manual de Educación psicomotriz*. Barcelona: Ed. Toray Masson.

2. Desenvolvimento da experiência

Avaliação da experiência piloto de adaptação de matérias ao crédito europeu na Faculdade de Ciências da Educação (2004-05, 2005-06)

Ruíz Juan, Francisco; García López, Antonio e Gómez López, Manuel (2002). *Motricidad y recreación en Educación Infantil*. La Cañada de San Urbano: Universidade de Almería. Servicio de Publicaciones.

RUIZ, L. M. (1985): *Crecimiento físico y aprendizaje motor*. Madrid: INEF.

SCHINCA, M. (1980). *Fundamentos para una iniciación a los temas de psicomotricidad, ritmo y expresión corporal*. Madrid: Ed. Magisterio Español. SA.

Trigo Aza, Eugenia e Piñera Cuesta, Sofía de la (2000). *Manifestaciones de la motricidad*. Barcelona: INDE Publicaciones.

Vayer, P. (1977). *Diálogo corporal*. Barcelona: Científico - Médica.

Vayer, P. (1977). *El niño frente al mundo*. Barcelona: Científico-Médica.

7.3. Outros recursos

Materiais audiovisuais

Materiais didácticos escritos

Materiais en Power Point

8. Avaliación dos procesos e dos resultados da aprendizaxe. Criterios de avaliación

Centrándonos nas aprendizaxes do alumnado, distinguiremos estes momentos:

A. - AVALIACIÓN INICIAL

Ao principio de curso analizaranse os coñecementos dos alumnos/as novos a que se aplicará un cuestionario similar ao usado no primeiro curso. Cos demais, revisaranse os resultados obtidos no curso anterior, que servirán como punto de partida do coñecemento da área motora.

B. - AVALIACIÓN CONTINUA

Estará centrada, sobre todo, na estruturación e no seguimento dos núcleos fundamentais do programa e na creación de actitudes e de aptitudes profesionais.

As técnicas preferentes que utilizamos no noso traballo docente diario son:

- traballos de síntese temática
- elaboración de traballos para a súa exposición e aplicación na práctica
- exposición práctica dos traballos
- prácticas de observación crítica de clases ou das actuacións dos nenos/as nos recreos
- construción dun cuestionario de observación para as prácticas da área motora
- elaboración de fichas de actividades motoras referidas a aspectos concretos de programación en educación infantil

- realización de traballos grupais de ampliación sobre aspectos concretos referidos aos temas do programa
- traballos individuais de lectura sobre a bibliografía concretada e síntese posterior

Isto permítenos favorecer a aprendizaxe significativa.

C. - AVALIACIÓN FINAL

A avaliación final dos contidos do curso é unha continuación das avaliacións parciais e unha síntese comprensiva destas.

Tamén ao final do curso avaliamos o contido do programa, a metodoloxía e as formas de participación que se empregaron no curso, a dinámica da clase, as clases teóricas, as prácticas, o traballo en equipo, a conexión teoría-práctica e práctica-teoría, a dinámica docente, os libros e os artigos lidos e os traballos realizados. Avaliase o programa por medio dos exames escritos dos bloques temáticos e as formas de comunicación na aula e a súa dinámica.

Diremos que a nosa proposta de avaliación está máis próxima ás teorías cualitativas que ás cuantitativas, mais posúe unha dimensión contextual a que non podemos renunciar, aínda que insistamos nas súas dimensións formativas e cualitativas básicas como orientadas a mellorar os procesos didácticos dos futuros profesores/as.

SISTEMÁTICA DE CUALIFICACIÓN

TEORÍA 70%	PRÁCTICA 30%	
<ul style="list-style-type: none"> - Asistencia - Traballos de síntese temática - Prácticas de observación crítica de clases ou das actuacións dos nenos/as nos recreos - Construción dun cuestionario de observación para as prácticas da área motora - Realización de traballos en grupo de ampliación sobre aspectos concretos referidos aos temas do programa - Traballos individuais de lectura sobre a bibliografía concretada e síntese posterior - Exame 	Asistencia (Se non se asiste polo menos ao 50% das clases realizarase exame específico)	Traballos de programación e aplicación práctica (obrigatorio)
70%	50%	50%

Coefficientes de proporcionalidade con respecto á totalidade

7	1'5	1'5
---	-----	-----

(Os criterios específicos poden sufrir algunhas variacións atendendo a circunstancias non previsibles)

Datas e horas dos exames:

2. Desenvolvemento da experiencia

Avaliación da experiencia piloto de adaptación de materias ao crédito europeo na Facultade de Ciencias da Educación (2004-05, 2005-06)

9. Avaliación do proceso docente

9.1. Valoración do alumnado

Os estudantes valorarán a marcha do curso a través dun cuestionario elaborado especificamente polo profesor e a través do cuestionario normalizado da universidade.

9.2. Valoración do profesorado e decisións de cambio

Prestarase atención especial ás suxestións presentadas polo estudantado en todo momento do curso.

Os resultados das enquisas servirán de retroalimentación para establecer propostas de mellora.

**Avaliación da experiencia piloto de adaptación de materias
ao crédito europeo na Facultade de Ciencias da Educación
(2004-05, 2005-06)**

The bottom of the page features a series of horizontal stripes in various shades of purple and black, serving as a decorative footer.

3

3. Avaliação Global

3. Avaliación global do proceso de experimentación (resultado crítico das experiencias)

3.1. Perspectiva dos profesores implicados (a experiencia a nivel de materia)

3.1.1. ASPECTO DE ORGANIZACIÓN DOS CENTROS

Calendario académico:

No período desta experiencia o calendario académico non cambiou na USC, na UDC e na UVigo adiantouse un pouco o inicio do curso mais non foron cambios significativos.

Proceso de matrícula:

Tal como se realizou no período da experiencia afectou, moi negativamente á planificación do curso, xa que a temporalización da materia e a distribución en grupos do alumnado se ve alterada debido a que os alumnos e as alumnas non se incorporan ao mesmo tempo.

Programa de convocatoria de exames:

Non afectou ao proceso.

Tratamento do alumnado repetidor:

Canto ao tratamento dos repetidores, igual que os de nova incorporación que non poden asistir regularmente a clases, dáselles certas facilidades segundo as circunstancias que os levaron a repetir.

Nalgúns casos, se non se incorporan ao novo método, avalíanse polo tradicional.

Organización horaria de centros e de titulacións:

O profesorado só tivo certa liberdade para organizar, seguindo as propostas das guías, as horas presenciais das nosas materias, para facer a distribución de traballos individuais e en grupo. Ao traballarmos cos mesmos parámetros da docencia tradicional, é difícil seguir eficazmente a proposta das guías. Esta deficiencia intentouse salvar, nalgúns casos, facendo un calendario propio dentro das limitacións do calendario académico, pero con resultados moi pouco satisfactorios.

Reparto de espazos de traballo común para o alumnado dentro do centro:

As estruturas dos centros non responden, en xeral, ás necesidades do novo sistema de ensino que se desprende das guías. Non hai locais para o traballo en grupo, seminarios dotados con medios informáticos con suficientes puntos de acceso para o alumnado, as aulas de informática teñen horarios restrinxidos etc.

Coordinación entre o profesorado:

Non se deu, polo de agora, unha coordinación entre o profesorado que se implicou na posta en marcha dos créditos ECTS. Cremos que é unha consecuencia de estaren a con-

3. Avaliación global do proceso de experimentación

vivir dúas metodoloxías: a tradicional e a nova. A que non todas as materias foron desenvolvidas segundo a nova experiencia e a que a implantación destas novas metodoloxías nos planos de estudo non adaptados determina que non se poidan levar a cabo todas as previsións propostas nas guías. Somos conscientes de que para a óptima posta en marcha dos créditos ECTS sería imprescindible unha coordinación, unha colaboración e unha planificación entre todo o profesorado arredor dos núcleos temáticos que se poden establecer.

3.1.2. CUESTIÓNS DOCENTES E ACADÉMICAS

Valoración sobre a dimensión práctica do currículo:

Desde a nosa perspectiva non consideramos unha separación da teoría e da práctica no currículo; como xa consta nas nosas guías, pretendemos unha integración da teoría na práctica ou da práctica na teoría.

Valoración da planificación da docencia:

Satisfactoria individualmente, aínda que moi custosa, por moitas das razóns xa comentadas: o excesivo número de alumnos, a falta de coordinación entre os grupos de profesores, a falta de medios e, finalmente, a falta dunha planificación global que incardinase as guías docentes. Todo isto provocou que fose este novo sistema excesivamente custoso para cada profesor que participou na experiencia.

Valoración sobre os obxectivos, os contidos e as actividades de aprendizaxe:

Foi moi positiva, xa que pensamos que os profesores implicados fixemos un esforzo para valorar, ademais dos contidos conceptuais, os procedementos, as actitudes etc. Cómpre destacar o esforzo que supón formar o noso alumnado en competencias pensadas para o mellor desenvolvemento profesional.

Valoración sobre a metodoloxía e os recursos empregados:

Aínda que se ve unha motivación por parte do profesorado para o emprego de metodoloxías novas e activas, isto choca co número de 2 alumnas por aula, que leva a unha carga imposible de asumir polo profesorado. A dedicación máis personalizada require multiplicar as horas de docencia para o profesor, ao ter que dividir grupos moi numerosos en grupos de traballo pequenos, que demandan atención personalizada. O emprego das novas tecnoloxías, o uso da rede, podería servir de apoio, mais o alumnado non se achega a elas coa asiduidade que se espera; son moitos os alumnos que non teñen as competencias que se sospeitan (traballo en grupos, nivel informático, manexo da rede etc.).

Valoración do apoio tutorial:

Considerámolo imprescindible para dirixirmos e coordinarmos o traballo que se lle impón ao alumnado, no novo sistema, mais isto implicou que as horas de titorías que funcionan na actualidade fosen insuficientes. Ademais, debido a que non existe coordinación estruturada, deuse a confluencia de horarios con outras materias, o que provocou perdas de asistencia e, mesmo, converter as horas presenciais en titoriais. Sería preciso establecer unha franxa horaria semanal de titorías e ter en conta o PDA xeral para evitar confluencias coas clases presenciais.

Valoración dos mecanismos de avaliación de aprendizaxe e reformulación da propia avaliación:

Este proceso foi moi positivo pola continuidade que supuxo, polo seguimento quer individual quer grupal. Significou unha reformulación do exame clásico, pois van sabendo a súa valoración ao longo do proceso aínda que hai quen mantén o exame final para matizar a cualificación global. Porén, as dificultades son as mesmas que as que se presentan na valoración do apoio tutorial.

Vantaxes e dificultades:

Nun balance dos resultados desta experiencia, cabe subliñar como vantaxes, nun primeiro lugar, o feito de que con este proceso se facilita a reflexión do profesorado en relación coas súas materias (a nivel de contidos, de procedementos e de actitudes) e, tamén, a reflexión sobre a integración da teoría e da práctica; así mesmo, incentiva o profesorado para unha atención personalizada ao alumnado. No grupo das dificultades, citamos moitas das que xa sinalamos: o excesivo número de alumnos e alumnas e a falta de adaptación das infraestruturas para o desenvolvemento das actividades docentes e das titorías; a falta de coordinación entre o profesorado das distintas materias; a lentitude no proceso de matrícula, que dificulta a planificación global, xa de por si moi complexa, entre outras moitas menos significativas mais que incidiron na posta en marcha da experiencia. Ademais, tamén este sistema supón unha dedicación horaria por parte do profesorado que non se considera na actualidade; en consecuencia, consideramos que as horas que todo isto implica terían que estar reflectidas no POD para que realmente este novo sistema educativo se puidera levar a cabo con resultados positivos e para que o profesorado tamén puidese realizar a súa actividade investigadora e de xestión.

3.1.3. VALORACIÓNS SOBRE A EXPERIMENTACIÓN

A pesar dos aspectos positivos que citamos a nivel de reflexión do profesorado, a experiencia, en xeral, resultou máis ben negativa debido a que, de resumirmos o xa exposto, se dan circunstancias como:

1. Unha organización docente non adaptada aos requirimentos reais da nova experiencia e baseada no voluntarismo do profesorado
2. Unha carga docente imposible de levar a cabo por un profesorado que atende a grupos numerosos
3. Unha falta de coordinación entre o profesorado implicado na experiencia
4. Unha falta de adecuación dos medios materiais e das estruturas académicas para levala cabo
5. Pouca implicación do profesorado das tres universidades no seguimento do proxecto ata o final
6. Falta de incentivos para o profesorado como, por exemplo, que repercuta no POD

3. Avaliación global do proceso de experimentación

3.2. Perspectiva do alumnado e reflexións finais.

Canto ás opinións do alumnado, aínda que non se realizou seguindo un modelo uniforme, hai unha consideración bastante negativa, posiblemente por convivir a tradición e a modernidade, pois consideran que traballan máis, no caso do alumnado de 2º e 3º, e non tanto, no caso do 1º curso.

Se seguimos os créditos ECTS, a planificación docente é moito máis custosa, dado que ten que estar todo máis especificado e que se segue de forma máis personalizada o alumnado. Entendemos que sería interesante facer unha colaboración entre os grupos de profesorado para planificar módulos colaborativos de aprendizaxe (isto non se deu: por falta de motivación, por estaren espallados os profesores implicados en distintos cursos...). Para facermos máis operativa a planificación é necesario incardinar as guías docentes nunha planificación global.

